

ESTRUCTURA URBANA DA CIDADE DA CORUÑA. OS BARRIOS RESIDENCIAIS:
O ESPACIO OBXECTIVO E A SÚA VISIÓN A TRAVÉS DA PRENSA DIARIA

ESCUDERO GÓMEZ, LUIS ALFONSO

PIÑEIRA MANTIÑÁN, MARÍA JOSÉ

Departamento de Xeografía.

Universidade de Santiago de Compostela.

INDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- FONTES E METODOLOXÍA.

3.- NACEMENTO E EXPANSIÓN DA CIDADE DE A CORUÑA.

4.- OS BARRIOS CONFORMANTES DA URBE.

4.1. Definición de barrio.

4.2. Delimitación actual dos barrios.

4.3. Características dos barrios.

5.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA E SOCIAL DOS BARRIOS.

6.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS ÁREAS RESIDENCIAIS DA CIDADE.

7.- A IMAXE DOS DISTRITOS RESIDENCIAIS DE A CORUÑA A TRAVÉS DA PRENSA DIARIA.

7.1. Distrito 4: Os Mallos.

7.2. Distrito 6: Agra do Orzán.

7.3. Distrito 7: Gaiteira, Os Castros, Castrillón, 2ª Fase de Elviña, Monelos e o barrio das Flores.

8. CONCLUSIÓNS.

9. BIBLIOGRAFÍA.

**ESTRUCTURA URBANA DA CIDADE DA CORUÑA. OS BARRIOS RESIDENCIAIS:
O ESPACIO OBXECTIVO E A SÚA VISIÓN A TRAVÉS DA PRENSA DIARIA**

ESCUDERO GÓMEZ, LUIS ALFONSO

PIÑEIRA MANTIÑÁN, MARÍA JOSÉ

Departamento de Xeografía.

Universidade de Santiago de Compostela.

1. INTRODUCCIÓN.

A Coruña non é froito de casualidades, senón de grandes esforzos por consolida-lo seu espacio e desexos de vida. A historia constrúe a urbe e o reflexo do paso do tempo amósasenos ó través dos estilos arquitectónicos e da morfoloxía urbana.

Por regra xeral, os que vivimos nas cidades falamos delas coma si as coñecésemos na súa totalidade, mentres que a realidade é moi distinta. Podemos opinar sobre uns espacios que nos son coñecidos como o centro da cidade e o noso barrio, pero a medida que nos alonxamos deles podemos descubrir novas zonas ou apreciar algúns cambios naquelas que xa coñecíamos, cambios que co tempo chegan a cambia-la imaxe dese espacio sobre todo para aquelas persoas que hai tempo que non o visitan.

É lóxico que isto suceda, pois estamos acostumados a vivir en barrios autosuficientes, é dicir, en espacios que abastecen as demandas alimenticias, sanitarias, educativas..., de xeito que non é imprescindible acudir a outras áreas da cidade, salvo que a demanda se refira a produtos moi especializados ou de alto standing para o cal recorreremos ós centros comerciais ou a aqueles lugares onde atopamos unha maior densidade de establecementos, e por conseguinte unha maior oferta, ou sexa, ó "Centro" ou centros da cidade.

Con este estudio pretendemos coñecer unha parte da cidade que son os barrios residenciais. Podemos preguntarnos o porqué de analizar tan só estes barrios. Pois debido a que sobre o conxunto da cidade son numerosos os traballos que se relizaron tanto dende o punto de vista histórico, demográfico ou económico, pero ou ben abranguen un período de tempo amplo ou estudian a totalidade do concello, de xeito que o resultado é un compendio

de ideas moi xerais sobre as diferentes partes da cidade, sobre todo daquelas situadas lonxe do Centro. Éste xunto co Ensanche foron dende sempre os espazos máis estudados, quizais pola súa importancia histórica e por concentra-las maiores densidades de poboación e servicios. É difícil atopar traballos de investigación que estuden o solo urbano abranguido entre o Ensanche e a Periferia pois trátase dunha área pouco doada de definir urbanísticamente. Por iso consideramos oportuno escomenzar a coñecer de xeito detallado aqueles barrios que tiveron un desenvolvemento máis dinámico e que na actualidade supoñen o eixo de crecemento da urbe, en concreto son os do Agra do Orzán, Barrio das Flores, Castrillón, Castros, Elviña, Mallos-Sagrada Familia, e Mallos-Estación.

Non se trata de facer unha mera descrición dos mesmos senon que o noso obxectivo é ve-las causas que os orixinaron, o lugar que ocupan dentro do contexto histórico da cidade e cales son actualmente os rasgos económicos, demográficos, sociais que os definen, así como a súa problemática e perspectivas nun futuro próximo, comparando os datos aportados por múltiples fontes e traballo de campo coa imaxe que de eles nos dan os medios de comunicación. Éstes, e entre eles a prensa diaria, desempeñan un papel trascendental en diversos ámbitos das sociedades modernas. Os xornais van exercer unha influencia máis ou menos directa sobre a opinión pública, os grupos sociáis, os poderes políticos e as institucións, etc. Este poder atopa ás súas bases no feito de que se trata dun medio de comunicación de masas e cunha periodicidade temporal diaria. Dita influencia vai ser exercida mediante a inclusión, a exclusión e a xerarquización que das novas publicadas realizan os xornais. Deste xeito, a información que nos chega cada xornada non é toda a que xorde na realidade diaria, senón que é filtrada e distorsionada pola prensa. Así só recibimos unha pequena parte, aquela que foi seleccionada polo medio de comunicación, do que ocorre na realidade. O fin derradeiro deste poder da prensa vai ser o económico (obter o máior beneficio posible) e político (extender a súa influencia cada vez máis lonxe).

Cada individuo percibe a realidade urbana dun xeito diferente, a través desa percepción vai elaborar unha imaxe mental da realidade, e, gracias a esa imaxe, adopta as decisións básicas do seu comportamento. A percepción de cada individuo realízase mediante dous camiños diferentes e complementarios entre sí: a experiencia directa e a información recibida de fontes externas, sobre todo a través dos medios de comunicación e, entre deles, da prensa. É por iso que a imaxe que dunha cidade reflexan os xornais vai

influir na percepción dos individuos sobre esa urbe e, polo tanto, no comportamento dos mesmos.

Esta influencia dos xornais é aínda máis importante na imaxe mental daquelas áreas pouco coñecidas por estar moi distantes do individuo ou por ser pouco frecuentadas polo mesmo, así como na imaxe global da cidade; chegándose a formar, moitas veces, estereotipos sobre algúns espazos.

A modo de síntese podemos sinalar que neste estudio sobre a estrutura urbana da cidade de A Coruña centrado nos seus barrios residenciais, imos ver cal é a imaxe que destes espazos percibimos por medio da prensa e a realidade vivida día a día logrando entender mellor o estereotipo mental que os cidadáns teñen sobre eles (e, como xa indicamos, así poderemos comprender algúns dos comportamentos que desenvolven).

Apreciaremos se estas áreas son privilexiadas pola prensa ou non, se aparecen cunha visión positiva, negativa ou neutra, e que distorsión con respecto á realidade ofrecen os xornais sobre estes barrios.

2. FONTES E METODOLOXÍA.

O estudio dos espazos residenciais da cidade de A Coruña conlevaba a necesidade de acudir a numerosas fontes e, aínda máis, se como no noso caso desexabamos tamén analizar estas áreas dende o punto de vista subxectivo. Asimesmo, a metodoloxía empregada para a investigación da realidade dos barrios non podía se-la mesma que a do traballo referido á imaxe pública dos mesmos. Todo o cal provocou unha ampla gama de aplicacións cuantitativas e cualitativas no desenvolvemento do traballo. Combínanse así fontes tan diversas como as demográficas, económicas, sociais e dos medios de información.

Unha primeira cuestión común a todo traballo foi delimita-lo espazo xeográfico de estudio, baseándonos en aspectos morfolóxicos, demográficos, económicos e sociais. Decidimos analizar os distritos 4, 6 e 7 porque abranguen unha serie de barrios que se construíron nun mesmo período, e que supoñen o eixo de crecemento da cidade.

Sen embargo, numerosos foron os problemas que atopamos para obter a información, sobre todo para face-la análise "obxetiva" da realidade, pois en ocasións os

datos non descendían ó nivel necesario e tivemos que recurrir ós que se elaboran para os distritos ou outros ámbitos como a parroquia. Sen embargo, non tomamos os datos coma un fin senón como un medio que nos induce a plantexar unha serie de hipóteses que deben ser verificadas, e así chegar ó coñecemento dos barrios residenciais.

En primeriro lugar para o estudio da creación e delimitación das áreas residenciais coruñesas acudimos a fontes de planeamiento urbanístico (Plans Xerais de Ordenación Urbana e Plans Parciais) e a análise estrutural dos barrios da cidade a través de fontes bibliográficas.

A continuación para o estudio demográfico dos espazos delimitados empregáronse os Censos de Poboación de 1981 e 1991, e o Padrón Municipal de 1986, os que nos aportaron información sobre a poboación do municipio, tendo que recurrir algunhas veces á Oficina de Estatística Municipal para obter algunha información sobre os distritos. O período de tempo escollido foi o último decenio pois en realidade é no que estamos inmersos e tamén é o que nos permite prever o futuro a medio prazo.

Os libros parroquiais xunto a información recollida no Rexistro Civil permitíronnos analizar o movemento natural. Non obstante, a marxe de erro que se deriva deles é alto pois por diversas razóns bastantes nacementos, bodas e defuncións non se rexistran na parroquia. A isto engadíase o problema de que os límites da parroquia non coinciden cos administrativos (distritos) e moito menos cos barrios pois algún deles ten varias parroquias como é o caso do Agra do Orzán.

Por outra banda, para o estudio da distribución e volume comercial recorreremos ós listados do Imposto de Actividades Económicas correspondente ó ano 1993, subministrados pola Delegación de Facenda de A Coruña.

Entrando xa na análise da imaxe pública dos sectores residenciais da cidade, como xa sinalamos, baseamos tal estudio na investigación da prensa diaria. Deste xeito, empregamos os seguintes xornais: dous da propia cidade de A Coruña, "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", e un terceiro pertencente a Santiago de Compostela, "El Correo Gallego". Estes tres xornais foron elixidos porque os dous locais son os que van tratar con maior profundidade os temas que afectan á cidade e polo tanto son os que máis directamente van influir na percepción e o comportamento dos coruñeses; e porque o xornal santiagués sérvenos como exemplo perfecto de cal é a imaxe que da cidade nos pode

ofrecer un medio non local xa que, ó non estar moi alonxado, aínda lle adica un bó número de novas á realidade da cidade coruñesa.

O período mínimo para obter conclusións válidas nun tema tan particular como o que nos interesa consideramos que debía se-lo dun ano de publicacións. Por esta razón as novas analizadas foron todas aquelas que apareceron nos tres xornais xa indicados no 1994 e que se referían directa ou indirectamente á cidade de A Coruña, en xeral, e ós distritos nos que se asentaban os barrios residenciais, en particular. Este labor resultaba máis fácil nos dous xornais locais que recollen as novas sobre a urbe nunha sección especial denominada "La Coruña". No caso de "El Correo Gallego" estas aparecen na súa sección adicada as novas do territorio galego, xunto ás que se refiren ó resto das cidades e municipios do país (esta sección, lóxicamente, chámase "Galicia").

O estudo de todo este amplo conxunto de novas fíxose en primeiro lugar a través de técnicas propias da análise dos medios de comunicación. Procedementos cuantitativos e mecanismos propios da Hemerografía (unha das ramas das Ciencias de Información que se adica ó estudo dos medios) foron, entón, a nosa primeira ferramenta de traballo, pois permitíanos entender se estas áreas eran ou non parte primordial da atención dos xornais (mediante a comparación con outros espazos dotados de diferentes funcións urbanas primordiais) e ver como son tratadas as novas cualitativamente por parte da prensa diaria.

Deste xeito aplicamos unha serie de indicadores que nos permitían estudar cuantitativa e cualitativamente o tratamento que se dispensaba ás novas dos tres distritos municipais analizados. Para a investigación cuantitativa contabilizamos o número de novas de cada distrito, a densidade das mesmas por cada 100 habitantes, a súa superficie total, o tamaño medio das informacións e unha densidade de cm^2 de publicacións entre habitantes do distrito.

Para os aspectos cualitativos, referidos ó tratamento formal e ó emprazamento, das novas de cada área empregamos outra serie de índices como o número total de ilustracións recollidas nas informacións de cada distrito, o número das mesmas por cada 100 novas e por cada 1.000 cm^2 ; o valor medio do emprazamento das informacións (tendo en conta que unha páxina impar é máis prestixiosa que unha par, e que a parte superior dunha páxina tamén é máis noble que a inferior elaboramos un índice que nos serve para valorar se a localización das novas dun distrito é máis ou menos importante que as de outro), e,

finalmente, o número total de novas na primeira páxina (principal ou de sección) e por cada 100 informacións (tendo en conta que as primeiras páxinas son o lugar máis relevante dos xornais era interesante ver cantas novas de cada espacio estudiado aparecían nelas).

Ainda que todos estes indicadores xa nos aportan unha idea de cal é a imaxe que a prensa nos dá das áreas residenciais da cidade (polo menos da súa trascendencia), o labor máis importante é o estudo cualitativo posterior dos diversos temas que as novas tratan e valorar se o seu contido presenta unhas connotacións positivas, negativas ou neutras. É por iso que volvemos analizar pormenorizadamente todas e cada unha das novas publicadas e referidas o ámbito de estudio no ano 1994.

Mediante esta última análise, referida non só a temática das novas senón tamén o carácter das mesmas, obtemos a imaxe que de cada un dos distritos municipais residenciais da cidade (o 4º, 6º e 7º) nos da a prensa diaria.

3. NACEMENTO E EXPANSIÓN DA CIDADE DE A CORUÑA.

Cada cidade ten unha morfoloxía urbana que a caracteriza, froito da combinación de procesos históricos, condicións físicas, recursos económicos e eventos políticos. É precisamente o contexto histórico no que se desenvolveu a cidade o que mellor nos pode explicar a situación actual dos distintos barrios que a compoñen. En consecuencia, cremos acertado facer un breve resumo do proceso de crecemento desta urbe.

O núcleo prístino de A Coruña localízase no lugar máis idóneo polas súas características físicas e polos posibles beneficios económicos que, de xeito potencial, se topan nese espacio. O seu emprazamento nunha península é o mellor de cara a conseguir unha localización defensiva diante de posibles ataques do exterior. Ademais trátase dunha área resgardada dos ventos do norte polos montes circundantes e á que se accede facilmente por vía marítima o que favorece o desenvolvemento da actividade mercantil.

Pero o século XIX é momento decisivo para o despegue urbano de A Coruña, xa que nesa centuria a cidade convértese no principal centro administrativo de Galicia. Os burgueses decátanse de que a modernización da economía galega non é posible sen unha reforma agraria pero as súas ideas chocan coas dos fidalgos e campesiños que prefiren o sistema vixente porque lles asegura as rendas e terras. En consecuencia os burgueses dedicáronse “a todo o que comportara beneficios e significara a prestación de servicios que entendían que escaseaban en Galicia”(J. R. Barreiro Fernández, 1986). Por iso os empresarios autóctonos apoiaron a industria que acadou gran importancia e unha notable diversificación. Isto unido á unha política de industrialización promovida polo goberno central foi o motivo de que xurdiran distintas fábricas (tabacos, salazón, gas, cerillas, chocolate...) e abundantes postos de traballo. Un exemplo o temos coa fábrica de tabacos que xa daquela daba emprego, directo ou indirecto, a 4.000 persoas (A. Precedo Ledo, 1990).

Nese período prodúcese un crecemento poboacional tal que a finais do século pasado A Coruña rexistraba máis de 40.000 habitantes, (A. Precedo Ledo, 1990) e que, se ben en parte estivo provocado polo crecemento vexetativo, foi tamén consecuencia do proceso inmigratorio favorecido polo Goberno. Os recién chegados procedían de concellos próximos pero tamén de outras rexións como é o caso dos cataláns, que aínda que eran poucos tiveron gran incidencia na economía da cidade ó asociarse cos comerciantes coruñeses no mercado das telas.

O Ensanche é o primeiro intento de planifica-lo crecemento urbano que se rexistra na cidade, guiado por uns principios racionalistas e que recorre á zonificación (segregación das zonas de residencia das de actividade). A burguesía, que nese momento é a que posúe o poder da cidade topará resposta as súas necesidades de vivenda e económicas neste espacio. A ocupación comenza pola parte máis próxima ó Casco Antigo pois é o que posúe máis valor, mentres que no extrarradio se constrúen vivendas de peor calidade para clases menos pudentes. A medida que se levaba a cabo este crecemento urbano produciuse un declive social e económico do Casco Antigo polo progresivo traslado da burguesía ó Ensanche quedando aquel con áreas de abandono material, pobreza e unha poboación avellentada, co cal vai presentar un aillamento respecto das áreas dinámicas e equipamentos sociais da cidade.

O primeiro Ensanche vai ocupar as zonas do antigo Campo de Carballo, que é o punto de enlace coa Pescadería, solventándose a unión mediante a Praza de Ourense e de Galicia; e das Hortas de Garás nas que mediante o trazado de rúas paralelas cortadas por outras trasversais créase unha trama ortogonal.

A comenzos do século XX A Coruña contabiliza 43.000 habitantes, poboación que se vai incrementar despois da Guerra Civil. Trátase dun crecemento importante da urbe, aínda que moderado en relación con outras cidades españolas, pois non hai que esquecer que existen fortes inercias rurais en Galicia e iso retrasa considerablemente o seu desenvolvemento. No 1912 anexionábase o municipio de Oza ampliándose a superficie que depende administrativamente da cidade de 7'85 Km² a 36'84 Km². Nestes anos xurde a necesidade de urbanizar máis espacio e ordear o crecemento que se produce no extrarradio. A cidade ampliase cara a Riazor e Catro Camiños onde converxen os accesos a Castela.

Coa Guerra Civil rómpese o contacto con Europa. A burguesía pretende obter beneficios a curto prazo e para iso opta pola edificación rápida e en altura, dando como resultado en verbas de M. Batanero "un conxunto anárquico" (J. R. Barreiro Fernández, 1986), desorden que choca cos obxetivos racionalistas defendidos polo proxecto de Ensanche. Rematada a guerra é primordial remodela-la cidade e promover a ordeación urbanística retomando o reglamento dictado no Estatuto de Calvo Sotelo (1924) que recoñecía a facultade exclusiva dos concellos para elaborar e aproba-los proxectos de urbanización. É a partires desta lexislación cando se establece a obrigatoriedade de presentar proxectos de urbanización.

Na Coruña é de extrema urxencia evita-lo desenvolvemento de núcleos no extrarradio (Campo de Marte, Catro Camiños) que ofertan vivendas a unha poboación que aumenta a un ritmo acelerado. No 1940 convócase un anteprojecto de urbanización có fin de sentar as directrices necesarias para a redacción dun plan definitivo. Estamos a falar do Plan de César Cort Boti o cal tras ser analizado recibiu duras críticas centradas na irrespetuosidade coa realidade, os movementos de terra e demolicións ós que obriga, a ridícula zona industrial que designa, así como o descuido nos asuntos portuarios e a equivocada situación de diferentes servizos. Tamén se opuxeron o Patrimonio Histórico Artístico e a Cámara da Propiedade da urbe argumentando que dito plan tiña unha acción demoledora coas murallas e mantiña pouco respecto polo existente. Todo isto unido á

carestía das obras de urbanización que Cort plantexaba provocou a desestimación do plan (J. G. Cebrián-Tello, 1984). A Coruña necesitaba con urxencia un plan de vías que asegurase a comunicación entre os núcleos e barrios de poboación, e destes co exterior, que será o que persiga o Plan de Alineacións de 1948, que non vai conseguir os obxectivos plantexados ó non elaborarse os Plans Parciais necesarios para ordear o crecemento urbanístico da urbe.

Durante a primeira metade da década dos anos 1950 prodúcese un estancamento no desenvolvemento urbano, consecuencia inmediata do debilitamento dos pilares nos que se baseaba a economía da cidade. Apréciase un importante retroceso na actividade portuaria ó reducirse o tráfico de mercancías, e desaparece o transporte de viaxeiros (emigrantes) que pasa a concentrarse en Vigo. A escasa industria da cidade sofre un desmantelamento, pechan as fábricas conserveiras e textís mentres que outras reducen persoal coa introducción das máquinas.

Sen embargo, dende o punto de vista urbanístico a mediados desa década tivo lugar un suceso que marca a evolución posterior das cidades españolas, que é a entrada en vigor da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordeación Urbana de 1956, na que quedan definidos os Plan Xerais mediante os cales se fixa a zonificación e se otorga unha clasificación ó solo.

Por entónces a construción mantén unha dinámica positiva na cidade, obrigada a solventar-la demanda de vivendas suscitada despois da guerra, resultado do crecente aumento da poboación e a densificación económica. Este crecemento continúa nos anos 1960 e 1970. A Coruña convértese en Polo de Desenvolvemento no 1964 gracias ó impulso do goberno que apostaba pola consolidación dun sistema productivo baseado na eficacia mellorada e o crecemento rápido da economía nacional, a integración máis estreita de España nos mercados internacionais, a redución das diferencias rexionais de renta e o progreso nas infraestruturas do país. Neste período instálase a Refinería na Coruña o que atrae abundante man de obra inmigrante posto que se teñen que realizar importantes obras complementarias e modificacións no porto.

A construción increméntase a un ritmo vertixinoso xa que entre 1960-1970 se edifican 27.000 vivendas (A. Precedo Ledo, 1990). Ante este crecemento a Xerencia de Urbanismo plantéxase a necesidade de actualizar as normas urbanísticas e os trazados propostos polo plan de 1948. Considera necesario o estudio de posibles áreas industriais e

residencias no sector de expansión da cidade. Así, promove un Plan de Remodelación Urbanística que propón a creación dos polígonos residenciais de Zalaeta, San Pedro de Mezonzo, Elviña e o Polígono Industrial de Bens.

Polígonos	Has.	Hab.
Zalaeta	10	35.000
S. Pedro de Mezonzo	8	2.500
Elviña I, II Fase	90	40.000

Fonte: Plan Xeral de Ordenación Urbana 1967.

O Polígono de Elviña fase I supón a actuación mais importante. Cabe destaca-lo Barrio das Flores que se constrúe co fin de solucionar-lo problema de falta de solares aptos para a construción e resolver o crecemento orgánico da cidade. Ademáis, con él ofrécese vivenda á poboación que se ve obrigada a traslada-la súa residencia a causa das expropiacións forzosas que se producen en Bens, Agra do Orzán, Matadeiro e San Pedro de Mezonzo. Trátase, pois, dun núcleo de absorción con vida propia que se compón de cinco unidades veciñais construídas entre 1963-1971. Son 2.000 vivendas de renda limitada e protección oficial amortizable a 50 anos.

Os usos do solo xerados co Polígono de Bens desentonan bruscamente cos existentes ó redor, de carácter residencial case que na súa totalidade, pois predominan os barrios de absorción de poboación inmigrante. Por esta razón moitos promotores opuxéronse á construción dese polígono xa que a súa intención era seguir levantando bloques residenciais na área. Os barrios próximos a Bens son os do Agra do Orzán e os

Mallos, que presentan o maior crecemento da cidade debido o alto continxente de poboación que acollen, chegando incluso a rexistrar índices de masificación. Tamén cumpren un papel destacado ó recibir poboación inmigrante os barrios dos Castros, A Gaiteira, Monte Alto, Riazor e San Roque, distribuídos por todo o núcleo.

A crise económica española iniciada no 1975 estivo motivada polo retraso do axuste enerxético, a elevación dos costes do factor traballo, a caída da taxa de aforro, o retraso da remodelación industrial e o aumento do déficit público como consecuencia do incremento do gasto e dun crecemento moderado dos ingresos. Sen embargo, a condición atípica na que se move Galicia, e paralelamente A Coruña, en canto as fluctuacións sufridas no resto do país fai que esta etapa de crise resulte menos grave nesta cidade como consecuencia da diversificación da industria, un moderado auxe turístico e unha actividade agraria de apoio, todo isto unido a un sector industrial de recente creación desvinculado da industria pesada tradicional do carbón, aceiro e derivados (J. Alcaide Inchausti, 1992).

Neste tempo constrúese a segunda fase do Polígono de Elviña que ten como obxectivo ofrecer vivendas céntricas e ben comunicadas co Polígono de Bens e o porto, principais centros de traballo. Así mesmo San Pedro de Mezonzo nace coa idea de enlazar a vía principal de comunicación (Avda. Alfonso Molina) co centro da cidade.

Os barrios que se empezan a edificar en 1985 son o do Ventorrillo, un sector de Labañou, Adormideras e parte do Castrillón. No último cómpre destaca-la forte especulación orixinada pola recalificación dos usos do solo. Co Plan de 1985 preténdese conseguir unha mellora da cidade centrada no trazado de espazos públicos, vías, rúas, prazas e instalacións de equipos comúns.

Na segunda metade da década 1980 a cidade sofre unha paralización, pero na actualidade observamos a proliferación de bloques de edificios en consonancia coa demanda de vivendas por parte dos matrimonios xoves. Os novos edificios estanse a levantar na periferia do núcleo, onde hai un maior número de solares disponibles; mentres que no centro a construción non prolifera tanto senon que as actuacións que se realizan van dirixidas á remodelación interior dos edificios para a instalación de novos equipamentos.

4. OS BARRIOS CONFORMANTES DA URBE.

4.1. Definición de barrio.

A literatura urbanística difundida nas últimas décadas pon de manifesto o interese de capta-las distintas comunidades de barrio que existen nas nosas urbes, posto que a elas van dirixido-los recursos de uso e consumo colectivo, en función das súas particularidades sociais e culturais. Unha vez satisfeitas as necesidades é cando é posible que se desenvolva, entre a poboación de cada comunidade, un sentimento de vecindade e un apego emocional á área que leva a unha percepción positiva e a un bon funcionamento da cidade.

"Dende sempre o barrio representou unha parte da cidade, unha zona sen referencia a unha división matemática" (J. L. Brian, 1977). Os barrios son unidades espaciais que compoñen o núcleo urbano, e é obrigado facer un estudio profundo dos mesmos para comprende-la vida da nosa cidade, tanto no pasado como no presente e futuro.

Sen embargo, en determinadas áreas da cidade os habitantes non definen o seu lugar de residencia como barrio, senón que prefiren referirse a él como zona. En xeral, este feito prodúcese en áreas onde se rexistrou un gran crecemento espacial, demográfico e funcional. É o caso do centro coruñés -Cidade Vella, A Mariña, Obelisco, Cantóns- e do Ensanche - Santa Lucía, Juan Flórez, Catro Camiños-. Ante esta dicotomía de criterios consideramos de suma importancia referirnos ó concepto de barrio e as cualidades que debe reunir un espacio para que éste poda ser considerado como tal.

En 1926 Zorbangh referíase ó barrio como unha área natural, é dicir, unha área xeográfica caracterizada tanto por unha individualidade física como polas características dos seus habitantes. Segundo este autor estas áreas naturais xorden espontáneamente sobre un esqueleto construído pola infraestrutura dos sistemas de transporte, parques, rúas, industria e accidentes xeográficos.

Sen embargo, os barrios non xorden aleatoriamente senón que son froito dunha demanda de inmobles debida ó crecemento demográfico que se produce a partires dos anos 1950, e dun planeamento urbanístico que se leva a cabo de xeito acelerado para satisfacer estas demandas de vivenda. Cando o crecemento demográfico continúa, unha vez creados

os barrios, é factible que éstos se disolvan ou procuren a recomposición en varios subnúcleos. Exemplos claros témolos na Coruña onde desapareceron barrios como San Andrés ou Garás, os cales hoxe en día son definidos polos seus residentes como zonas. Mentres que noutros casos produciuse a división dalgúns núcleos como ocorre co antigo barrio de Oza que abranguía o que na actualidade son os barrios de Monelos e Castrillón.

En bastantes ocasións non é o crecemento demográfico o factor causante da descomposición dos barrios, senón o planeamento urbanístico. Como exemplo podemos cita-la primeira fase do Polígono de Elviña na que se distingue o Barrio das Flores construído entre 1961-1970 a raíz dun Plan Parcial cun obxectivo que era acoller ás persoas expropiadas como consecuencia do Plan de Alineación proxectado para a cidade.

"O barrio designa por extensión unha porción dun conxunto dividido nun número indiferente de partes" (M. J. Bertrand, 1981), ofrecendo as vantaxes dun espacio bastante amplo, aínda que singularizado coas súas características propias.

Este termo fai referencia a unha realidade xeográfica que se reflexa mediante un nome e un emprazamento determinado. Algúns barrios distínguense perfectamente ó estar delimitados por vías de acceso rodado que lles soen dar unha forma xeométrica característica, marcada claramente no plano. Trátase "dun espacio relativamente uniforme e pechado, mellor comprendido, empregado socialmente e practicado que os espazos amplamente abertos cunha somera vexetación e sen orientacións perceptibles..."

Non obstante, a definición de barrio non debe centrarse tan só en criterios xeométricos e topográficos, senón tamén en criterios de homoxeneidade e clase social. A xente pode escoller o seu lugar de residencia, optando por vivir nos espazos onde habitan os do seu grupo social, de xeito que os residentes están en contacto directo e en íntima relación por residir preto. Aínda que en ocasións esta uniformidade é un factor de aillamento social e administrativo, os habitantes quedan segregados do resto do conxunto urbano, tendo que soportar entre eles tensións sociais, deficiencias de equipamento, etc.

O criterio que teremos en conta á hora de definir estes corpúsculos urbanos é o tamaño. O mesmo foi moi discutido polos urbanistas. Polo xeral oscila entre 5.000 e 50.000 persoas. O ideal de barrio está presente na "heteroxeneidade social, onde convivirían persoas de tódalas idades, clases sociais e dunha categoría étnica e racial variada". Sen

embargo, este ideal é imposible xa que, como quedou claro anteriormente, todo individuo procura convivir cos do seu mesmo status social.

Como resumo de tódalas definicións de barrio podemos cita-los tres graos de realidade referidos ó barrio que Henri Lefébvre extraeu das teses urbanísticas recentes:

"* o barrio somentes é unha supervivencia debido ó peso da historia.

* o barrio é unha realidade relativa, subordinada, que non se refire á realidade social pero que é necesaria.

* as relacións interpersoais fórmanse no barrio que é o maior dos pequenos grupos sociais e o máis pequeno dos grandes grupos".

Ata aquí tentamos defini-lo termo barrio, pero é doado decatarse de que non tódolos barrios son iguais nen teñen unha mesma localización espacial -pois uns están máis perto do Ensanche- nen temporal. Sabemos que todos eles forman parte da periferia urbana, pero polo que vimos de dicir cremos necesario o emprego doutros termos que nos permitan facer un estudio máis detallado da mesma e destacar neles matices que nos fagan posible saber a qué porción do terreo se refiren e cais son os barrios que poden abranguir.

Se nos baseamos na clasificación de Bryant y Russmunt sobre o espacio periurbano podemos establecer distintas coroas espaciais segundo o grao de evolución e intensidade co que se produciu o proceso de urbanización. Na área interior atópase o Centro seguido do Ensanche, para logo atoparnos coa Periferia que é onde localizamos ós barrios.

En primeiro lugar está o espacio de Barrios Residenciais. Este termo usámolo para definir aquelas zonas extendidas ó redor das cidades e que se caracterizan pola "reorganización dos núcleos rurais incorporados ó suburbio, presenza de cidades satélite (dormitorio, industriais...) que xurden a partires de minúsculos núcleos rurais e como ensanches de antigas cabeceiras comarcais" (E. Fontanillo Verino, 1986).

Segundo o noso criterio, debemos falar de barrios residenciais para referirnos a aquel espacio que debido ó proceso de expansión da cidade sufriron, na década de 1960, unha transformación do solo rural en urbano desaparecendo o primeiro por completo, e que na actualidade se topan totalmente integrados no conxunto da cidade, como é o caso do Agra do Orzán, Barrio das Flores, Mallos, Elviña e Castrillón.

Non acontece o mesmo co concepto de Barrios de Recente Construcción que están menos integraos o que pode deberse a que son espazos en transformación situados ó redor das cidades, sometidos á presión demográfica e ó desenvolvemento das construcións por causa da expansión da cidade. Nesta zona aínda se mesturan usos de tipo rural con funcións urbanas o que deriva nunhas transformacións no ámbito sociodemográfico e económico así como no tipo de hábitat e comunicacións. É a area preferida para residir por aqueles que antes vivían no centro e que agora desexan unha maior tranquilidade e calidade de vida, aínda que seguen conservando o seu traballo no lugar central. Como exemplos podemos citar as urbanizacións de Matogrande, Ponte da Pedra, Parte do Castrillón e Xubias, os Rosales, as Pontes...

Na periferia tamén existen áreas nas que se produce a distribución da poboación, actividades económicas e mentalidades urbanas sobre espazos rurais. Trátase das Áreas de Transición Urbana que circundan a cidade e nas que xa non perviven os costumes nen a economía rural pero nas que aínda se mantén o campo. Dentro deste termo podemos engloba-lo resto do municipio coruñés considerado como solo non urbanizable de protección ou non urbanizable. Sen embargo, é factible unha reclasificación do mesmo xa que o crecemento da cidade continúa e "este círculo vicioso" cada vez ocupa máis terreo.

4.2. Delimitación actual dos barrios.

A cidade, dende as súas orixes, estivo dividida en diferentes barrios. Resulta difícil falar dos barrios que nos séculos XI-XII había na cidade posto que a información é escasa e non posuímos delimitación algunha dos mesmos. As parroquias eran as delimitacións máis claras que se podían establecer na urbe medieval e moderna. Sen embargo, na actualidade os ámbitos parroquiais no son fiables para establecer criterios definitorios. E dado que nin estas nin as divisións administrativas se axustan á realidade é necesario crear unhas premisas que nos permitan establecer unha zonificación que corresponda na medida do posible á realidade. En todo caso debemos respecta-la unidade censal da sección como área mínima de división espacial posto que nos permite localizar datos e poder compara-los para establecer diagnósticos sobre a cidade.

As barreiras físicas tales como vías de tráfico -Avenida de Alfonso Molina, Ronda de Outeiro, Ronda de Nelle-, extensas zonas verdes -Parque de Santa Margarida- ou equipamentos -Estación de Ferrocarril, Estación de Autobuses- deben ser utilizados para delimita-los espacios.

Outro factor que consideramos foi o urbanístico. O que fixemos foi diferencia-las zonas en función da súa morfoloxía, tipo de edificacións, grao de accesibilidade interna e coherencia funcional; así como analizar as características demográficas e socio-económicas que as definen.

Ademais, tivemos en conta a existencia de equipamentos que poden ser necesarios nos barrios coma centro cívicos, sociais, sanitarios, educativos, comerciais... porque o seu nivel de especialización e densidade é o máis claro exponente das necesidades que cada grupo demanda en relación ó rol que representa na súa cidade

Atendendo a estas pautas e analizando a evolución dos barrios coruñeses podemos sinalar que actualmente se produciron cambios dende o punto de vista cuantitativo e cualitativo. Cómpre sinalar unha redución de barrios no centro da cidade por quedaren estes englobados en unidades espaciais maiores como son as zonas - Juan Flórez, Cantóns, San Andrés, Marina, Catro Camiños- desaparecendo, mesmo, a idea de barrio.

Rodeando a estas "zonas" atopamos unha maior concentración de barrios que os existentes en 1950 e, ademais, algúns deles que eran considerados por aquela como periferia rural, como é o caso do Agra do Orzán, hoxe están totalmente integrados no conxunto da cidade. Así, os barrios que podemos distinguir na Coruña son:

* Labañou. Remata ó norte e leste polo mar. A súa configuración da lugar a importantes contrastes espaciais dende o punto de vista social e urbanístico, por iso é difícil trata-lo como entidade homoxénea. Nel podemos distinguir-las Vivendas de Promoción Oficial Pardo Santallana e as do Grupo Mariapita, ambas dos 1950. Caracterízanse por seren edificacións de baixa altura, cunha superficie de 50 m², aproximadamente. Tamén hai un pequeno grupo de chabolas onde residen grupos marxidados.

* San Pedro de Visma. Trátase dunha estrutura semirural, con casas baixas, unifamiliares, onde existen grupos sociais de rendas escasas (no 1957 fíxose entrega de 143 vivendas para

pescadores). As actividades predominantes neste espazo son as de subsistencia do sector primario, xunto cos empregos xerados noutras áreas da cidade. Pero dende fai uns anos vimos apreciando un cambio que comezou coa construción de novos bloques de vivendas preto da Ronda de Outeiro e que hoxe continúa coa construción da “cidade nova” dos Rosales e a construción dun novo tramo da Ronda antes citada.

* San Roque. É un barrio bastante degradado onde vive unha poboación de baixo nivel económico. Nel atopamos casas unifamiliares combinadas con vivendas de pouca altura.

* Monte Alto. Esta zona permaneceu invariable nos últimos tempos. As súas edificacións son relativamente vellas e algunhas non sobrepasan os tres pisos. Morfolóxicamente hai un caos urbanístico, as rúas non son moi amplas e a altura dos edificios é moi heteroxénea. A este barrio despois da postguerra foron residir emigrantes con baixo nivel adquisitivo. Esta situación social non variou en gran medida ó acoller a unha clase social media-baixa.

* A Torre. É un barrio escasamente poboado pois o predominante é un espazo verde relativamente degradado a carón da Torre de Hércules. As áreas habitadas combinan edificios de cinco plantas con casas baixas e máis antigas. Máis cara ó interior acolle equipamentos educativos e penitenciarios.

* As Lagoas. Ubícase ó oeste da torre, preto dos acantilados. Está formado por un conxunto de bloques de vivendas de recente construción nos que a altura oscila entre oito e dez pisos, destacando así sobre as vivendas do entorno que son máis baixas e dun espazo bastante degradado.

* Adormideras. É un caso parecido ó anterior. Os seus edificios forman semicírculos de cara a unhas prazas nas que se sitúan os centros cívicos, e as alturas oscilan entre cinco e sete pisos. Atópase rodeado por pequenas hortas no oeste.

* Beiramar. Neste sector as rúas son estreitas e sombrías ó estar os edificios moi preto uns de outros. Este barrio a mediados de século constituía, xunto co sector da torre, unha área

marxinal, onde se daban actividades propias da periferia urbana. Actualmente aínda persiste un conxunto de chabolas ó lado do cemiterio cunhas condicións de habitabilidade pésimas.

* Zalaeta. Ata mediados de século era similar á área de Monte Alto, cun trazado irregular, rúas estreitas e casas de escasa altura. Pero nos anos 1960 levouse a cabo un saneamento da zona dotándoa de edificacións modernas ó resguardo dos ventos e cunha praza onde se ubican os principais equipamentos.

* Agra do Orzán. É un dos barrios que máis poboación inmigrante acolle nos anos 1960, e hoxe mantén unha clase social de carácter medio. Trátase dun barrio ben delimitado salvo ó norte onde a trama é máis irregular. Os edificios non son vellos, as alturas están entre cinco e dez pisos. Ademáis, caracterízase por ser un importante área comercial en auge coa peatonalización da rúa Barcelona.

Dentro deste barrio podemos diferenciar as casas sociais do chamado Grupo Francisco Franco, onde a conflictividade social, os problemas de marxinalidade e hacinamento son grandes.

* Ventorrillo. Neste barrio reside poboación adulta-xoven e adulta, de clase media-alta, con especial importancia das profesións liberais. Xurde como consecuencia do progresivo crecemento que rexistrou a cidade cara ás aforas na última década e por iso se caracteriza por ter edificios novos casi todos de oito plantas.

* Peruleiro. No límite leste co Agra do Orzán a trama é moi irregular, con rúas estreitas, edificios vellos e de menor altura, apreciándose unha degradación tanto a nivel urbanístico como social e económico. Este fenómeno contrasta na área comprendida entre Avda. de Peruleiro e Arquitecto Rey Pedreira na que se fixeron novas edificacións que dan un aspecto máis novedoso e ordeado ó barrio.

* Cidade Xardín. É un conxunto de casas unifamiliares de dúas plantas, rodeadas dun pequeno espazo verde. Os equipamentos son principalmente sanitarios e educativos.

* Mallos-Sagrada Familia. Podemos considera-lo como a continuación do Agra do Orzán. Sen embargo debemos distinguir o grupo de casas unifamiliares de planta baixa de Juan Canalejo (1950) construídas para acolle-los chabolistas de San Roque e ás clases máis baixas da cidade e as que foron otorgadas a persoas que eran afíns ó Movemento. A Sagrada Familia é un conxunto de vivendas sociais de poca altura nas que residen persoas de escaso nivel adquisitivo.

* Mallos-Estación. Caracterízase como espacio comercial moi dinámico no que se entremezclan edificios novos con algúns construídos nos 1960. Ademáis, trátase dunha área de intenso movemento peatonal ó ubicarse aquí a estación de ferrocarril.

* A Gaiteira. Este barrio nos últimos anos sufriu un cambio de imaxe coa construción detrás do Corte Inglés de novos edificios que contrastan cos do interior, pero que o dotan dunha nova configuración arquitectónica.

* Polígono de Elviña. Ten unha gama edificativa moi variada, así como contrastes sociais e de actividades económicas. Mentres que no exterior predominan as oficinas, no interior está o pequeno comercio e prodúcese un descenso do status social, sobre todo na segunda fase do polígono.

* Barrio das Flores. Localízase dentro do anterior, aínda que se diferencia facilmente por tratarse dun núcleo de absorción ben delimitado e creado para acoller á xente expropiada doutras zonas da cidade. Os edificios que o conforman son bloques, torres e vivendas unifamiliares, rodeados de prazas e espazos verdes.

* Monelos. Componse de edificios novos ó longo da Avda. de Monelos, e con algunhas casas baixas onde reside poboación menos pudiente e que son restos do antigo barrio de Oza.

* Castrillón. Constituído por un heteroxéneo grupo social; trátase dunha combinación de edificios máis ou menos novos con casiñas rodeadas de horta actualmente pendentes de

expropiación. Neste barrio, no límite co rural, existe un pequeno grupo de chabolas onde residen grupos xitanos.

* Os Castros. Nel proliferan as edificacións cara ó interior, polo que desapareceron as chabolas e con elas os graves problemas sociais que había. A poboación que reside neste barrio é maioritariamente de clase media.

4.3. Características dos barrios.

Como xa dixemos, as cidades no son un continuo edificativo e homoxéneo, ó contrario, existen dentro delas sectores con fortes contrastes tanto sociais como de usos do solo.

En xeral, podemos afirmar que o mellor espacio coñecido é o barrio dado que se encontra á escala do peatón e limitado pola distancia e o tempo en realizar un traxecto. O barrio residencial recórrese facilmente e os percorridos que se fan para satisfacer as necesidades primarias son curtos. Por escasos que sexan os equipamentos, éstos son suficientes para a compra de produtos correntes que atopamos en tendas pequenas nas que o grao de solidariedade se reflexa nos pequenos créditos que conceden á xente coñecida; así como tamén na comunicación e as relacións mantidas neses establecementos que nalgúns ocasións se convirten en centros de reunión.

O coñecemento do barrio é maior canto máis perto está do lugar de residencia, e a medida que nos alonxamos o grao de precisión é menor. En consecuencia, o sentimento de barrio non é igual en toda a cidade. Por iso, para falar das súas características ímonos centrar naqueles que son percibidos e sentidos como tal por parte das persoas que residen no seu interior, en concreto son os barrios do Agra do Orzán, Barrio das Flores, Castrillón, Castros, Elviña, Mallos-Estación e Mallos-Sagrada Familia.

Un rasgo común a todos eles é que se comencian a edificar na década dos 1960, cando se fai necesario o crecemento da cidade por causas socioeconómicas. A súa construción desenvólvese nunha serie de antigos espazos rurais que, aínda que carecen de infraestrutura urbana, dispoñen de abundante solo edificable con escasos controles á hora

de cumprir as normas legais. En consecuencia, o elemento máis representativo na Coruña de mediados de século eran os grandes conxuntos residenciais de vivendas colectivas, colocados en posición periférica e aínda con rasgos de carácter rural como eran a falta de alcantarillado, luz, pavimentación...

En canto á promoción, podemos diferenciar entre a privada, dominante nese período que atendía a unha demanda moi hereroxénea e a pública ou de promoción oficial ofertada principalmente entre 1940-1960.

Neses anos o déficit de vivendas era enorme e había moita demanda insatisfeita. Como indica H. Capel trátase na súa maioría dunha demanda non solvente, o que provoca que a iniciativa privada non se sinta atraída cara ó sector da construción. Ante esta situación os promotores deciden por dedicarse a satisfacer a demanda solvente e conseguir que o Estado preste axudas para que sexa rentable a construción de vivendas destinadas ós grupos sociais desfavorecidos (H. Capel Sáez, 1983).

Ámbalas dúas optaron por construír barrios de modestas dimensións seguindo unha planificación racionalista que se fundamentaba na segregación das áreas residenciais e de actividade, ó igual que a diferenciación entre a circulación rodada e peatonal. Establécese unha xerarquización do viario, así como a de zonas residenciais (barrio, unidades veciñais) para asinalos equipamentos necesarios en función da poboación.

En relación ás vivendas, os promotores tenderon á elevación dos bloques co fin de obter o volume máximo de edificabilidade e os mellores beneficios reducindo á vez os costes da construción. O resultado é a densificación do espacio e un deterioro da calidade das vivendas. De xeito que si vamos dende O Peruleiro ata os Mallos e seguimos por Monelos a paixase urbana que observamos son edificios a distintas alturas, polo xeral entre 5 e 10 plantas, fidel resultado dunha política urbana relaxada e anárquica.

Con frecuencia, os polígonos construídos por algúns grupos e organismos públicos como a O.S.H. teñen como elemento característico os bloques abertos que acollen a un elevado continxente de poboación e topáanse pésimamente construídos polo incumprimento das normas oficiais e unha baixa calidade dos materiais. Son un claro exemplo disto as casas que compoñen o Barrio das Flores, ou as vivendas sociais dos Mariñeiros (Agra do Orzán), Grupo do Carmen, Grupo M^a Pita e Grupo Pardo Santallana.

Tódolos barrios ademais de posuir unha entidade territorial determinada polo lugar de asentamento e a súa denominación, constan doutra socioadministrativa en relación cos equipamentos, xa que "a demanda que suscita o alonxamento vivido implica a creación de servicios diversos e acentúa a individualización, a autarquía do barrio na cidade" (M. J. Bertrand, 1981). Estes equipamentos comprenden servicios de carácter social co fin de ofrecer unha maior calidade de vida, ou mesmo chegar a ter un certo control sobre a poboación residente como é o caso dos Servicios Sociais, que ademais de atender a posibles problemas personais que se lles presentan, analizan e intentan dar solución a cuestións de carácter social (drogodependencia, xitanos), e posibilitan espacio e persoal para actividades de ocio, educación e reinserción.

Outros equipamentos son os sanitarios, administrativos, educativos, iglesias, mercados e asociacións de veciños. Sen embargo, nalgúns barrios non se concentran todos estes servicios, como acontece, por exemplo, no Agra do Orzán onde non existe un ambulatorio propio; e noutros barrios falta o mercado (Castrillón). En consecuencia, estudos interdisciplinares, levados a cabo por sociólogos e economistas, chegaron a conclusión de que deben ser os urbanistas os que establezan unhas pautas para o mellor equipamento dos barrios, en relación sempre coa poboación existente e o seu posible aumento.

5. ANÁLISE DEMOGRÁFICA E SOCIAL DOS BARRIOS.

Un aspecto importante deste estudio sobre A Coruña e os seus barrios é a análise da poboación, xa que ésta, en función do seu incremento ou retroceso, determina a evolución da cidade en relación á súa densificación edificativa, o seu desenvolvemento económico, e polo tanto, a súa continuidade como centro de atracción para a poboación doutros concellos e mesmo doutras provincias.

Segundo A. Zárate Martín "a cidade como espacio social e de reprodución laboral, constitúe un mosaico de comunidades diferenciadas, diversos estilos de vida, de aspiracións e valores dispares que orixinan comportamentos diferentes, provocan friccións e polarización social" (A. Zárate Martín, 1991).

Podemos falar entón dunha poboación heteroxénea en función da situación económica, social e cultural dos individuos. Cada un tende a acomodarse onde pode atopar persoas das súas mesmas características, os barrios. Sen embargo, trátase dunha poboación aberta, dado que os individuos non viven aillados do seu entorno, senón ó contrario, as relacións co exterior son frecuentes, só temos que pensar nos movementos diarios ou pendulares que podemos realizar para darnos conta de que, aínda que de xeito inconsciente, estamos coñecendo e relacionándonos con outras áreas da cidade distintas á que residimos.

Actualmente , A Coruña conta cunha poboación de feito de 245.823 habitantes (1991). A cidade rexistrou un crecemento poboacional dende 1981 do 6'08%, o cal podemos enmarcar dentro das líneas xerais de España e Galicia que reflexan unha tendencia á urbanización da poboación, sobre todo polo que respecta ós grupos de idade adulta-nova e adulta-madura que se trasladan do campo á cidade onde as condicións socioeconómicas que ofertan son mellores. O seu obxectivo é alcanzar un nivel adquisitivo medio a través dun posto de traballo na industria ou os servicios que lles permita un maior grao de benestar. Non obstante, nos últimos anos as condicións económicas presentáronse menos favorables debido á crise xeral do país que trouxo o peche de numerosas fábricas, as reducións de plantillas, e a moderación da tendencia urbanizadora dende principios dos anos 1980. Isto explica a ralentización do crecemento que rexistrou A Coruña neses anos, se ben dende 1986 apréciase unha lenta recuperación reflexada nun crecemento poboacional do 4'5%, en parte debido ó proceso edificativo que se está levando a cabo actualmente na periferia da cidade.

A Coruña está administrativamente dividida en dez distritos entre os que se reparten os 245.823 habitantes. Como observamos no plano da cidade os barrios da Torre, Monte Alto, o Agra do Orzán e o Ensanche teñen unha poboación semellante que oscila entre os 32.275 individuos do Agra do Orzán e os 33.446 do Ensanche.

As áreas con maior efectivo humano son os distritos 4 e 7 con un total de 42.832 e 55.476 habitantes respectivamente. Estes distritos acollen ó Barrio das Flores, Castrillón, Castros, Elviña e Mallos, os que dende 1986 coa implantación en Catro Camiños dunha gran área comercial se atopan moi influenciados pola mesma. Nela agrúpase una ampla gamma de servicios que a poboación demanda, actuando como foco de atracción e convertindo os barrios adxacentes nuns espazos farorables para residir. Un aspecto a ter en

conta son os prezos dos solares e das vivendas. Éste último é o que determina que a meirande parte dos xoves vaian vivir ós barrios residenciais que rodean ó Ensanche. Ademais debemos ter en contra que nos barrios exteriores da cidade quedan espazos que poden ser urbanizados se aumenta a demanda de vivendas. Deste xeito, os valores son máis baixos, ben sexa porque a capacidade de edificación é superior, ou porque estes sectores posúen unha centralidade menos importante. Un exemplo claro témolo nos arredores do Polígono de Elviña onde proliferan novas urbanizacións como a de Matogrande o Ponte da Pedra nas que residen persoas provenientes doutras zonas da cidade. A consecuencia de todo este movemento é que os barrios máis exteriores da cidade amplían a súa poboación en maior ou menor grao o que repercute ó mesmo tempo na estrutura demográfica dos mesmos.

En xeral podemos sinalar un descenso da natalidade apreciado dende principios de 1980 e que se mantén ata os últimos anos a causa tanto dos cambios producidos nas estruturas familiares como da crise económica.

A pesares de que nos últimos anos a mortalidade mostrou unha clara redución aproximándose ós valores medios españois, debido ó descenso da mortalidade infantil e o aumento da esperanza de vida, nos barrios que nos ocupan prodúcense certos indicios de incremento dos niveis froito do progresivo avellentamento da poboación. Este avellentamento ven dado pola incidencia da emigración e o descenso da fecundidade, resultado dos cambios sociais que conlevan a redución voluntaria do número de fillos. Todo iso repercute no crecemento vexetativo que diminúe ata tal punto de acadar o nivel cero, aínda que teremos que esperar uns anos para confirmar que esta situación non é coxuntural. Podemos pensar en dúas previsións: por unha banda, os barrios máis avellentados (Barrio das Flores, Castrillón, Mallos) terán unha diminución da poboación e un crecemento vexetatio negativo; e por outra, aqueles que presentan unha estrutura adulta-xoven (Agra do Orzán, Ventorrillo) e máis dinámica tenderán a uns valores positivos e terán maiores posibilidades de continuar sendo “espacios vivos” dentro da cidade. Esta situación xa se reflexa hoxe en día nas pirámides de poboación (Figura 2), e se as analizamos con detalle vemos que as dos distritos 7 e 4 teñen unha forma de ánfora que nos indica a importancia da idade adulta neses espazos. Sen embargo a do distrito 6 presenta

unha forma máis alongada que podería servir de transición cara a do Ventorrillo, representativa dun barrio cunha poboación xoven.

Os Mallos (ditrito 4) presenta un ritmo demográfico semellante ó do conxunto da cidade por ser o barrio que antes se consolidou urbanisticamente. Destaca a poboación madura-vella pola perda de xuventude demográfica que xa é acusada e que será unha constante nos vindeiros anos.

Unha situación semellante, aínda que menos esaxerada e máis esperanzadora, atopámo-la no distrito 7, onde hai unha poboación que, se ben é igualmente madura, está menos avellentada pois o continxente de adultos-maduros e o de vellos é moito menor que nos Mallos. Pero quizáis este resultado sexa máis moderado co anterior porque atopamos neste distrito distintos barrios con caracteres demográficos moi dispares. Así mentres que o Barrio das Flores sofre unha degradación demográfica poñéndose en perigo a renovación xeracional, barrios como o dos Castros, que nestes momentos acolle a xente xoven por ofertar vivendas asequibles equilibran os resultados globais do distrito. Sen embargo, esta é unha das zonas que nun futuro non moi lonxano podería dinamizarse coa proliferación de novas urbanizacións e servicios de todo tipo.

O caso do Agra do Orzán (distrito 6) non reflexa un avellantamento moi acusado, pois o número de vellos é bastante menor que no resto das pirámides. É o colectivo de maduros inmigrantes a que nos seus días provocou o ensanchamento dos brazos de 15-29 anos que son os que sosteñen o peso do reemprazo, pois a base segue a dinámica xeral de regresión. Este barrio nos vindeiros anos ten asegurado certo dinamismo poboacional pois o efectivo humano maduro aínda conserva bastante vitalidade.

Para completa-lo estudio da poboación compre facer unha análise social. Así, en contraste coa homoxeneidade social das primeiras áreas residenciais urbanas, con neto predominio das clases medias, na actualidade atopamos unha gran diversidade social e importantes diferencias entre áreas residenciais de alto status e outras de baixos niveis de rentas. Na Coruña podemos diferenciar sectores onde predomina unha poboación acomodada a nivel económico -Pescadería, Ensanche- así como barrios nos que vive unha clase media, alonxados do núcleo urbano -Vioño, Montiño, S Pedro de Visma...- que as

veces se intercalan con poboación dun nivel adquisitivo máis baixo -Barrio das Flores, Castrillón, Monelos, Sagrada Familia-.

Esta heteroxeneidade a miúdo constitúe o factor causante de numerosos conflitos pois os grupos menos favorecidos atópanse nunha situación económica e de vivendas peor e polo tanto tenden a ser marxinaados. O rexeitamento social non só afecta ós desfavorecidos economicamente senón tamén ós vellos e diminuídos físicos, todos con grandes problemas ó seren abandonados polas súas familias. E, por suposto, non esquezamos ás persoas que teñen unha cultura e rasgos físicos diferentes como pode se-lo caso dos xitanos que residen a carón do Castrillón e na Torre, ou os portugueses que se instalaron nas Xubias.

Se facemos unha análise das necesidades e problemática de cada barrio (Figura 3) podemos establecer "áreas de benestar"¹ que son as que facilitan unha situación cómoda e agradable ós habitantes.

Resultou curioso como os habitantes de cada barrio otorgan unha valoración distinta a cada un deles. A vivenda é valorada coma positiva no Agra do Orzán e Barrio das Flores, quizais porque son aqueles nos que se asentou a maioría da poboación ben sexa en vivendas en propiedade ou de protección oficial. No Barrio das Flores tamén se considera adecuada a variable do traballo, o que é un tanto extraño cando o nivel de paro é moi elevado nesa zona; mentres que o barrio que menos o valora é a Sagrada Familia (Mallos), o que é lóxico se temos en conta que se trata dun sector problemático socialmente cunha poboación de escasos recursos. Por iso debemos considerar que o grao de protección non é o axeitado.

Os equipamentos para cultura e ocio existentes considéranse axeitados nos barrios do Agra do Orzán, Barrio das Flores, Castrillón e Castros, quizais porque teñen bastantes centros xuvenis e sociais que promoven diversas actividades, así como zonas verdes, cafeterías que funcionan como centros de reunión.

Por último, as cuestións que máis preocupan ós barrios son por orde decrecente: prostitución, malos tratos, discriminación da muller, marxinação étnica, menores en abandono e vivenda precaria.

6. A ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS ÁREAS RESIDENCIAIS DA CIDADE.

¹ Fonte: OBRADOIRO SOCIOLOGÍA. *Diagnóstico das necesidades en materia de servicios do Concello de A Coruña*. A Coruña, 1992.

Os barrios residenciais caracterízanse por ser en maior ou menor medida autosuficientes, gracias a un conxunto de distintos establecementos que abastecen tanto as necesidades básicas como as cualificadas da poboación. Entre eles cabe suliñar os comercios alimenticios, moi diseminados e por iso abundantes, así como tamén un comercio especializado, e as numerosas cafeterías que teñen como fin ofrecer un lugar acolledor para que a xente non se desprace tanto ó centro urbano.

Sen embargo se comparamos os distintos barrios vemos que no Agra do Orzán é onde hai unha maior diversificación comercial, posto que posúe toda clase de comercio minorista, servicios e hostelería, destacando en conxunto sobre o resto das áreas con moita diferenza.

En contraposición a ese barrio temos o Barrio das Flores caracterizado por unha degradación dos establecementos máis acusada a medida que nos adentramos nel, e pola escasez de servicios. En consecuencia, se ben este barrio noutro tempo foi autosuficiente, na actualidade non o é, tendo que recurrir os residentes a outras zonas próximas para mercar.

Unha situación intermedia presentana os Mallos e os Castros que a pesar de teren un comercio minorista importante, a súa dinámica non é de todo satisfactoria dada a forte competencia que exercen as zonas de Catro Camiños e a rúa Barcelona (Agra do Orzán). Para rematar, o derradeiro escalón na densidade comercial ven representado por Elviña e o Castrillón, aínda que esta situación está en vías de subsanarse gracias a apertura de avenidas e novos accesos.

A continuación faremos un pequeno resumo sobre as características de cada un destes barrios.

* Agra do Orzán: A agrupación de comerciantes esfórzase cada vez máis para converti-lo barrio nunha área comercial importante, e sen embargo non posúe establecementos de grandes dimensións senón que o seu comercio se basa en pequenas unidades de carácter familiar.

Factores como a necesidade de ser un barrio autónomo por ubicarse lonxe do centro e doutras áreas comerciais, así como o estar articulado por grandes vías de comunicación (Rda. Outeiro, Rda. Nelle, Avda. Fisterra), fixeron posible a dinamización económica do barrio a raíz da peatonalización da rúa Barcelona, principal arteria catalizadora dos locais comerciais.

* Barrio das Flores: Neste sector os establecementos son bastante escasos pois dende mediados de 1980 sufriu unha forte degradación económica reflexada no peche e cambio de emprazamento dos locais comerciais. A creación da área comercial de Catro Camiños foi un factor importante para a desaparición dos pequenos comercios, xa que éstos non podían facer fronte a súa forte competencia. Por outra banda, os comerciantes prefiren situarse en áreas máis dinámicas como son as avenidas que circundan o barrio (Camilo J. Cela, Monelos) onde proliferou a construción de novos edificios e o tránsito peatonal é maior.

Nun principio o barrio planificouse para ser autosuficiente e para iso creáronse baixos comerciais, aínda que a superficie adicada a eles non foi moita. A súa localización estivo determinada pola estrutura interna dos mesmos posto que se ubicaron nos bloques de vivendas atravesados estes por unha galería comercial, ou en pequenos locais paralelos ós bloques, de xeito que non tiñan unha saída ó exterior. Esta localización ó longo dos anos foi xerando a autodestrución porque os comercios eran coñecidos só pola xente do bloque no que estaban. Ante este descoñecemento a xente optou pouco a pouco por comprar nas avenidas do entorno antes mencionadas.

* Castrillón: A primeira impresión que temos ó percorrer este barrio é que se trata dunha área pouco dinámica, con certo abandono nalguns tramos e onde o número de establecementos é escaso. En parte esta visión ven determinada por unha morfoloxía irregular, de rúas estreitas, sombrías, pois os edificios son altos e as vías que os separan non teñen a anchura suficiente para permiti-la entrada de luz. Non é unha zona accesible, os coches circulan con dificultade, os transportes públicos en numerosas ocasións vense en apuros para acceder a algúns puntos, sobre todo na parte máis interna do barrio, e os aparcamentos son escasos.

Polo xeral non se aprecia un movemento importante de xente salvo na Avda. dos Caídos, a vía que atravesa este barrio e que máis anchura posúe. Nela os solares e vivendas teñen uns valores máis elevados. A praza de Pablo Iglesias onde se atopa o centro cívico actúa como centro neurálxico do barrio, de xeito que as rúas circundantes a ela adquiren un maior valor e son as preferidas polos comerciantes para ubica-los seus establecementos. O volume dos mesmos non é importante por tratarse de pequenos locais familiares adicados ó abastecemento das demandas dos que alí residen, quen polo xeral fan as compras da semana ou do mes nos centros comerciais próximos como Continente, Alcampo ou mesmo Elviña, e só acuden ós locais do barrio para face-las compras do día; ademáis, se temos en conta que a maior parte dos residentes os fins de semana se van ás aldeas de orixe quedando o barrio case que valeiro, podemos deducir que os beneficios que teñen os establecementos son moi baixos poñéndose así en perigo a súa continuidade.

* Castros: Trátase dun sector que se empra nunha zona bastante exterior da cidade aínda que ben comunicado tanto co centro da mesma por medio das Avdas. do Exército e Xeneral Sanxurxo coma co exterior ó partir de él a Avda. do Pasaxe, unha das vías máis importantes de entrada e saída á urbe. Hai unha década a meirante parte deste barrio estaba ocupada por hortas, os edificios en altura eran escasos e había abundantes chabolas onde vivían os xitanos. Na actualidade éstos foron desprazados, e a construción de grandes bloques de edificios ocupou case todo o espacio, polo que podemos dicir que se trata dun barrio dinámico. A maioría dos locais comerciais atópanse nos bordes do barrio conformados pola Avda. do Exército e Xeneral Sanxurxo por se-los de máis tráfico rodado e peatonal. Pero se nos adentramos no barrio apreciamos un contraste posto que os establecementos son máis pequenos, e mistúranse edificios novos cos vellos... Polo tanto podemos dicir que son poucas as rúas que acollen á maioría dos comerciais, mentres que no resto do barrio o volume de locais é moi pequeno. O factor determinante desta situación é que a área comercial de Catro Camiños exerce coma polo de atracción para os residentes nos Castros posto que a distancia e o tempo (sobre dez minutos) para chegar a ela son escasos, e a oferta que poden atopar é maior ca dos establecementos do barrio que se adican principalmente á alimentación e bares-cafeterías.

* Polígono de Elviña: Nel podemos diferenciar dúas fases. Da primeira forma parte o Barrio das Flores e dende o punto de vista comercial non é moi importante. Os poucos establecementos que atopamos, como xa foi apuntado, ubícanse nas avenidas que o delimitan pois son as que máis tráfico rodado e peatonal teñen, sobre todo Monelos. Poucos son os habitantes que se abastecen nos comercios desta zona, recurrido a eles para mercar produtos de consumo diario, ó igual que acontece nos barrios colindantes; por norma xeral os residentes desprázanse ó mercado de Elviña ou ás grandes superficies comerciais próximas, de xeito que a forte competencia que exercen estes centros limita a expansión dos establecementos de pequeno tamaño en todo o barrio.

A situación na segunda fase é moi semellante. O dinamismo que se prevía para esta zona era maior pois estaba emprazada xunto ó edificio de servicios múltiples e nunha área de doada accesibilidade para os que entraban na cidade pola Avda. de Alfonso Molina. Sen embargo, a realidade é outra pois trátase dun sector no que os edificios se dispoñen paralelamente quedando entre eles rúas bastante estreitas. Os establecementos sitúanse na parte baixa dos bloques de xeito que non teñen saída ó exterior, salvo os que se atopan nos bordes xunto ás grandes avenidas.

* Mallos: Este barrio é como unha prolongación do Agra do Orzán, quizais influenciado pola disposición da Ronda de Outeiro. Entre os puntos comúns podemos destaca-la accesibilidade, favorecida por esta-lo barrio delimitado por rondas. Sen embargo ten problemas de tráfico xa que as medianas impiden aparcar no centro da ronda como se facía noutras épocas, de xeito que se reduce o espacio de estacionamento sobre todo para aquela xente que non reside no barrio.

Os comerciantes desta zona comenzaron a fomenta-lo seu barrio como unha área comercial importante, capaz de atender tódalas necesidades gracias a un comercio especializado sobre todo en tendas de vestir e alimentación. Pero aínda non lograron o principal obxectivo que era atraer xente doutras áreas pois non moi lonxe deste barrio localízase a área comercial de Catro Camiños cunha oferta moi diversificada.

En resumo, podemos afirmar que o sector terciario nesta cidade ofrece uns niveis de dotación importantes, mesmo a nivel de barrio. A existencia de establecementos

destinados a bens de consumo directo e outros de maior especialización otorga ó barrio unha diversidade que permite satisfacer as demandas dos residentes os cales a medida que incrementan o seu nivel de ingresos reclaman maior calidade de vida. Cúmrese así un dos principais obxectivos dos comerciantes que é evita-lo desprazamento ó centro da cidade para mercar.

Factores como a accesibilidade, existencia de aparcamentos e a seguridade cidadán, favorecen a creación de áreas comerciais. Se ben o seu déficit supón un obstáculo para que a xente acuda a elas por non te-las suficientes garantías de mercar tranquilamente, a súa existencia é un seguro para a revalorización e dinamización da zona.

7. A IMAXE DOS DISTRITOS RESIDENCIAIS DE A CORUÑA A TRAVÉS DA PRENSA DIARIA.

Os barrios residenciais exténdese pola maior parte da superficie da cidade coruñesa, por esta razón, e con fins didácticos para abordar o estudio da imaxe destes espazos na prensa diaria local, decidimos acotalos acudindo á delimitación do municipio en distritos censais. Dentro dos dez distritos da urbe eliximos soamente aqueles que eran exclusivamente áreas residenciais (o cuarto, o sexto e o sétimo), rexeitando os distritos centrais -primeiro (Pescadería e Cidade Vella) e segundo (Atochas e Monte Alto)- e o do Ensanche (terceiro) pola importancia das súas actividades terciarias; e tamén aqueles distritos que estaban moi especializados nalgunha función urbana -o quinto (Riazor, Cidade Escolar, Cidade Xardín e Labañou) na educativa e comercial, o oitavo (As Xubias, Eirís, Palavea e Pedralonga) na sanitaria, o noveno (Feáns, Penarredonda, Mesoiro e Someso) na universitaria e industrial-comercial, e o décimo (Bens e Nostián) na industrial. Aínda que en tódolos distritos existen barrios que podemos considerar como residenciais son os xa sinalados cuarto, sexto e sétimo os que manteñen os trazos propios destes espazos en toda a súa área.

Nas páxinas seguintes imos tratar, pois, a visión que destes tres distritos nos dan tanto os dous periódicos locais da cidade coma o diario santiagués “El Correo Gallego” (co estudio pormenorizado das novas publicadas polos tres xornais no ano 1994 e referidas ós

mesmos); e imos tentar comprender cal e a verdadeira relevancia da imaxe que a prensa nos mostra en cada caso e como as informacións publicadas poden adaptarse ou distorsionar a realidade de cada área. Por último faremos unha pequena avaliación e crítica do carácter xeral do estereotipo que a través dos xornais obtén o cidadán das áreas residenciais coruñesas.

7.1. Distrito 4: Os Mallos.

O distrito cuarto é un dos que unha menor atención e seguimento recibe por parte da prensa, e tódolos índices sobre estes aspectos son intermedios ou moi baixos. A pesares de que polo número de novas e pola superficie das mesmas ocupa un central quinto posto, nos demais indicadores non sobe do sétimo lugar. Este último ocupao polo número total de ilustracións, mentres que é o octavo entre tódolos distritos municipais segundo o número de novas por cada 100 habitantes, os cm² das mesmas por habitante, o número de ilustracións por cada 1.000 cm² de información e pola cantidade de novas en 1ª páxina. Ademais chega ocupar o derradeiro lugar nalgúns índices como o tamaño medio das novas, o número de ilustracións por cada 100 noticias, o valor medio do emprazamento das mesmas, e o número de novas en 1ª páxina por cada 100 informacións. A suma de todas estas medidas fan que este espacio sexa o penúltimo dentro da xerarquía que establecen os dous xornais locais entre as diferentes áreas da cidade. Todo isto provoca que, en grande medida, este espacio pase desapercibido para o lector que non o valorará en toda a súa verdadeira dimensión. O resultado será que a imaxe que a prensa nos dá deste Distrito non influirá tanto no estereotipo mental que sobre o mesmo teñen os individuos, pero como esta visión, como veremos, vai ser moi particularizada, e a pesares do escaso seguimento que lle dispensa, si que vai influír na súa percepción.

Estamos diante dun sector residencial, pero con certas peculiaridades que van ser sobredimensionadas nos xornais. De feito trátase dun dos exemplos máis claros de toda a urbe coruñesa no cal a imaxe que a prensa nos dá sobre o mesmo e súa verdadeira realidade están moi alonxadas. Isto implica que todo o que poidamos imaxinar sobre este espacio a través dos xornais referiranos unha visión falsa do mesmo. Tal imaxe sorprenderanos

negativamente no caso de non coñecer esta área e logo visitala coa idea preconcebida que obtivemos a través da prensa (aqueles individuos que teñan unha experiencia propia deste sector urbano non se van ver manipulados por esta visión falsa que nos dan os xornais sobre o mesmo). Este espacio é unha área residencial con uns trazos que xa definimos, pero a visión principal que obtemos na prensa é a dun espacio de servicios e ocio.

A causa principal desta distorsión é o feito de que nunha localización moi concreta deste barrio, no contacto do mesmo co Distrito 3 e sen ocupar unha grande superficie no interior do Parque de Santa Margarida, sitúanse dous edificios moi singulares: **o Palacio de Congressos e a Casa das Ciencias**. A actividade dos mesmos vai xerar tal cantidade de novas que serán a maior parte das referidas a este espacio. Concretamente son 576 as informacións que nos falan das diversas actividades realizadas en ambos edificios, o cal supón case as dúas terceiras partes de tódalas informacións deste Distrito (61,6% do total). Tal cantidade de novas, sobre todo porcentualmente, traen como consecuencia lóxica que as actividades destes inmobles se xeneralicen a todo este espacio, a pesares de que a súa vida discorra allea ós mesmos por varias razóns: primeiro, porque tanto a Casa das Ciencias coma o Palacio de Congressos (ambos moi próximos entre si) radícanse nun espacio cerrado, o parque, e nun extremo do barrio sen unha relación estreita co mesmo; e, sobre todo, porque as actividades culturais e económicas que se celebran en ambas edificacións están destinadas a toda a cidade, en xeral; pero se houbera que relacionalos con algún espacio en concreto fariámolo cos residentes de clase media alta do veciño Distrito 3 máis que co cuarto.

O Palacio de Congressos, un edificio con poucos anos de vida e cunha construción que presentou uns graves problemas polas irregularidades que se cometeron (algúns deles sen resolver hoxe en día), foi un dos proxectos máis ambiciosos do goberno municipal que dende entón aínda mantén o poder no Concello. É un importante centro no que se desenvolven múltiples actividades de ocio, cultura e servicios que merecen un especial seguimento por parte da prensa ó longo de todo o ano ata o punto de dedicarlle 524 novas ás mesmas. Entre as actividades de ocio e cultura emprendidas neste espacio destacan a celebración periódica de concertos de música clásica, opera, danza, teatro, etc. De feito é o principal auditorio da cidade, os concertos e diferentes actuacións forman un amplo programa cultural que soe atraer unha elevada demanda por parte dos cidadáns coruñeses.

Neste sentido sería interesante realizar unha enquisa preguntando dende que barrios se desprazan ó mesmo as persoas que o utilizan, seguramente tal experimento servise para probar que os asistentes pertencen na súa maioría ó Distrito 3 (cuns residentes cun alto nivel económico que podemos relacionar cunha intensa vida cultural), e non ó Distrito 4 no cal se sitúa o Palacio de Congresos. Pero, ademais das diversas actividades culturais, son tamén relevantes as promocións e congresos, propiamente ditos, que se celebran neste edificio e que proporcionan uns altos beneficios ó municipio da cidade que aluga este recinto ós interesados en organizar tales eventos. Ó longo do ano celébranse unha grande diversidade deste tipo de reunións, normalmente son grupos de profesionais liberais, como médicos ou dentistas por poñer dous exemplos reais, e empresarios os que utilizan o inmovible.

A pesares de tódalas virtualidades que os xornais nos presentan do Palacio de Congresos, cunha imaxe favorable que erroneamente se pode estender ó resto do Distrito, a realidade do mesmo, non é tan optimista xa que o recinto non está sendo todo o rendible que se pensou e, a pesares de que na prensa pode parecer o contrario, está pouco utilizado. Os beneficios que se obteñen no mesmo non son o suficientemente altos para sufragar a débeda adquirida na súa complexa construción (para a cal foi necesario derruír parte dun afloramiento de granito) e case nen sequera para o mantemento do mesmo. Esta realidade non aparece nos dous xornais coruñeses pero si o fai, como veremos a continuación, no xornal non local analizado neste traballo.

A Casa das Ciencias xera un número menor de novas, pero a natureza das mesmas relaciónase estreitamente coas do Palacio de Congresos por unha coincidencia nos temas tratados e pola proximidade de ambos recintos. A funcionalidade principal da Casa das Ciencias é a de museo e a dun espacio de ocio adicado a exposicións fixas ou itinerantes cada certo período de tempo. A isto xúntase o feito de que se radica na mesma un planetario, o cal ten un programa de proxeccións que aparece recollido cada certo prazo nos xornais. Un recinto de disfrute e contacto que une ás demais particularidades positivas o feito de que as súas exposicións e actividades teñen un claro carácter educativo que atrae excursións por parte dos diferentes colexios da cidade e de fóra. Ó igual que o propio parque no que se radica podemos afirmar que é unha importante área de disfrute, pero para toda a cidade e non só para o Distrito 4. En todo caso este grupo de informacións

contribúen aumentar aínda máis a imaxe dun importante espacio especializado no ocio e nos servicios.

Se exceptuamos o grupo de novas que vimos de analizar e estudiasemos só o resto das informacións que se refiren a este espacio a imaxe que obteremos achegarase moito máis a realidade do mesmo, que non está ausente na prensa senón que se ve "asoballada" polo amplo volume de informacións adicadas ós dous recintos particulares anteriormente sinalados. Aínda así hai un grupo de novas que podemos considerar como intermedias entre as que nos falan das verdadeiras particularidades desta área urbana e as que nos amosan a mesma como un espacio de tempo libre e servicios. Referímonos as que tratan asuntos que se relacionan co **urbanismo** deste Distrito. En total son 84 as novas que se refiren a estes asuntos, o cal supón o 8,98% de tódalas informacións .

Entre as novas de urbanismo que podemos relacionar coas anteriormente tratadas destacamos as que nos falan do recinto do Parque de Santa Margarida, a área verde máis grande da cidade (polo menos mentres non se finalicen algúns proxectos de grandes parques como o das inmediacións da Torre de Hércules e o do Monte de San Pedro). Este parque, ó igual que os dous edificios que contén, actúa como unha área de tempo libre aproveitada por tódolos cidadáns da urbe; aínda que, neste caso, a proximidade si que inflúe para que os veciños do Distrito 4 sexan uns dos principais beneficiarios do mesmo, pero non os únicos xa que a súa grande extensión fai que sexa un espacio límite entre diversos distritos, o sexto, o quinto e o terceiro, que tamén se aproveitan das súas vantaxes. As novas sobre este espacio de recreo fálannos das súas características positivas de zona verde así como do feito de que se están emprender nel unha serie de melloras, como a substitución de eucaliptos por carballos e castiñeiros ou a reparación da cuberta do Palacio de Congressos, que o farán aínda máis atractivo. O que non deixan translucir estas novas é que a realización destas melloras prodúcese porque a situación dalgunhas áreas dentro do parque non era a máis axeitada, aínda que, en todo caso, é certo que se trata dun espacio moi positivo.

O resto das novas referidas a este Distrito non nos debuxan unha situación tan favorable senón que nos presentan a realidade dunha área residencial obreira que coñeceu un forte crecemento a finais dos anos 1950 e inicios dos 1960, o cal orixinou, como xa vimos, un desenvolvemento sen nengún tipo de control que provocou unha alta densidade

de edificios en superficie e en altura nalgunhas rúas sobre todo na Ronda de Outeiro, o que a súa vez leva a unhas problemáticas deseconomías (unha de elas é, paradóxicamente, a ausencia de espacios verdes, o cal obrigou ós veciños á solicitude de arbores para as avenidas máis importantes como a dos Mallos ou a Ronda de Outeiro). A pesar deste forte crecemento perviven neste sector urbano lugares marxidados e residuais de chabolismo radicados principalmente na Avda. de Arteixo cara ó polígono de Bens. Neste sentido destaca a reportaxe publicada por La Voz de Galicia o 24 de setembro de 1994 no cal se facía unha reflexión acertada de cal é a realidade deste barrio na actualidade, aínda que dificilmente unha soa nova poda competir con 576 que nos falan das virtudes de certos recintos desta área urbana. Así mesmo, outro conxunto de novas infórmannos sobre unha serie de problemas do urbanismo deste Distrito tales como o caos circulatorio nalgúns nódulos como a Praza de San Cristovo, e os atascos producidos en certas rúas e, incluso, en avenidas como a Ronda de Outeiro e a de Nelle (a cal ten un excesivo número de semáforos, 27 en total); o deterioro en certos edificios, ata o punto de crearse situacións tan curiosas como que as billas de auga dean cambra; as irregularidades cometidas no aparcamento subterráneo da Praza de San Cristovo así como o feito de que a mesma praza estea desaproveitada a pesar dos múltiples cambios que se realizaron na mesma para convertela nunha área atractiva; etc. Aínda que non tódalas novas son tan negativas e outras infórmannos sobre algunhas melloras emprendidas ou en proceso de realización como as obras na Praza da Sagrada Familia, a apertura da Rúa Ribadavia, os proxectos dos futuros parque de Vioño e aparcamento subterráneo dos Mallos, a posta en marcha do aparcamento subterráneo da Avenida de Arteixo con capacidade para 700 prazas e coa posibilidade de aproveitar a súa construción para realizar un paso subterráneo que una dita Avenida coa Ronda de Outeiro, a posible conversión en peatonal da Rúa San Luís, etc.

Quédannos por analizar un grupo de novas que podemos relacionar coa vida social e económica deste Distrito residencial. As primeiras delas son as informacións de **sociedade**, que supoñen tan só o 3,74% de tódalas desta área xa que só son 35 unidades redaccionais. A pesares do seu pequeno número estas novas indícanos que neste espacio hai unhas relacións sociais propias dunha área residencial. Son, fundamentalmente, informacións acerca das actividades e asembleas das diversas organizacións de veciños dos Mallos. Novas que poderían mostrarnos a verdadeira realidade deste barrio se non fose polo seu

reducido número e polo feito de que soen ser informacións de pequeno tamaño emprazadas en radicacións pouco privilexiadas. Un grupo destes artigos fálannos de actos de beneficencia e solidariedade aquí emprendidos.

Por outra banda, o feito de que a recién creada asociación de parados maiores de 40 anos, ó igual que a sede da Central Intersindical de Galicia (CIG) se radiquen neste barrio pode ser moi significativo da verdadeira realidade obreira do mesmo. Tampouco faltan novas que nos informan sobre a indixencia ou sobre a inseguridade cidadán como o feito de que os veciños do barrio intenten organizar un sistema comunitario de vixilancia.

Polo tanto, pódense relacionar estas informacións cás actividades da Asociación de veciños da Sagrada Familia e Mallos-Estación creadas en 1975. Actualmente as súas principais preocupacións son a construción de aparcamentos e un centro social, a disolución de obstáculos que dificulten o tráfico e o acondicionamento de zonas verdes, pois se désemos un paseo por este barrio observaríamos que a especulación sobre o solo durante a década dos anos 1960-70 foi tan grande que se aproveitou ata o máis mínimo espacio para construír edificios de gran altura para obter o máximo beneficio esquecendo por completo a obriga por lei de deixar espacio para áreas verdes. De feito, trátase dun barrio no que os nenos e anciáns vense limitados a xogar e pasear nas escasas e pequenas prazas que hai.

Relacionadas coa vida social están as novas que tratan sobre diversas **actividades festivas e ociosas** (estas últimas alleas ás emprendidas na Casa das Ciencias e no Palacio de Congresos) celebradas neste espacio. Ata un total de 69 novas, o 7,37% de todas elas, están encadradas neste novo grupo de análise. Destaca o feito de que as Festas dos Mallos son unha das que teñen maior tradición e fastuosidade na súa celebración dentro das diferentes festividades que os diversos barrios da cidade organizan nunhas datas determinadas. O carácter propio destas romarías orixina que aparezan reportaxes especiais e de certa amplitude sobre as mesmas nos dous xornais. Estas informacións móstranos que nos atopamos diante dun barrio residencial cunha persoalidade propia e cunha intensa vida social que desborda a función de simple área dormitorio.

As diversas actividades de ocio remarcan esta última idea, e ó longo do ano neste barrio organízanse actos tan variados como: certames de automodelismo, concertos, conferencias, coros, excursións, exposicións, premios, teatro, organización de viaxes, etc.

Iso si, en menor número e cun carácter comunitario moito maior que noutros Distritos. É por isto que podemos diferenciar as novas que se refiren a estas actividades, cun marco que non sobrepasa o do propio barrio, das que se refiren ós actos celebrados na Casa das Ciencias e Palacio de Congresos, cunha relevancia que se estende a toda a cidade e cun alto nivel cultural que non se relaciona co carácter obreiro deste espacio. Os rasgos máis lúdicos destas últimas actividades que rematamos de analizar entroncan mellor coa persoalidade do Distrito 4.

As mesmas conclusións podemos obter da pequena porcentaxe de novas, o 8,23% (77 informacións concretamente), que nos falan dos **servicios** deste Distrito. Unhas actividades terciarias cun obxectivo evidente: o de atender as necesidades máis básicas do propio barrio. É o caso, por exemplo, das informacións que nos achegan ás diferentes actividades comerciais deste Distrito e que nos falan de comercios de autoservicio e dunha feira de venda ambulante que se celebra periodicamente na área dos Mallos (este mercado, por outra banda, atrae a demanda doutros Distritos residenciais, como o sexto, próximos ó mesmo); son outras novas que nos indican a persoalidade peculiar deste sector urbano.

Outros servicios de barrio que aparecen nas distintas informacións son a educación, con novas referentes ós diferentes colexios e Institutos de Bacharelato e Formación Profesional, que neste Distrito son maiormente públicos, o cal volve remarca-la orixe medio baixo dos seus residentes. Neste sentido o peche dun instituto de Formación Profesional subvencionado pola Caixa de Aforros Caixa Galicia creou unha grande polémica e foi un dos poucos asuntos deste Distrito que mereceu un especial seguimento por parte dos dous xornais locais. Cun carácter de atención comunitaria están, tamén, as informacións sobre os centros sociais e parroquiais desta área urbana. Dentro destes centros de atención destaca a radicación neste espacio da Unidade de Asistencia de Drogodependentes, que se ben é un servicio para toda a cidade, é significativo que se emprace neste barrio que como veremos, e xa anticipamos antes, ten na inseguridade cidadán e na delincuencia un dos seus máis graves problemas (sobre todo en áreas como a Sagrada Familia con residentes de renda moi baixa).

Entre as actividades terciarias que transcenden ó ámbito local, e ademais de que aquí se localiza a sede da Policía Autónoma, destaca principalmente o feito de que un importante nodo de transportes estea radicado nun dos límites deste Distrito: a Estación de

Renfe de San Cristovo. Este recinto vai xerar unha serie de informacións, positivas nalgúns casos (celebración de exposicións ou chegadas especiais como o Tren Disney), pero principalmente cun carácter polémico no ano de estudio debido a un conflito rexional: a empresa de ferrocarrís Renfe decidiu unilateralmente pechar algunhas liñas de transporte de viaxeiros dentro de Galicia polo seu escaso rendemento económico o que orixinou a protesta de numerosos colectivos que opinaban que Renfe, como empresa pública que é, debería antepor os intereses sociais ós económicos e non pechar estas liñas. Este conflito produciu protestas nas diferentes estacións de trens do país e, por suposto, tamén na da Coruña. Por todo isto, as informacións sobre o nodo de transportes unen ás virtudes do mesmo este aspecto negativo de conflito, o cal se traduce nunha imaxe final non demasiado agradable sobre ese recinto que, reseñamos de novo, se pode considerar como a principal actividade terciaria (sen esquecermos da que desenvolvía, dunha clase moi diferente iso si, o Palacio de Congressos) do Distrito 4.

Por último, fáltannos por analizar un grupo de novas que, intencionadamente, deixamos para finalizar o estudio da imaxe que a prensa nos dá sobre este espacio: son as informacións sobre **sucesos**. O seu alto número, 114 en total, orixina que o 12,19% das unidades redaccionais deste Distrito se refiran a este tipo de incidentes. A porcentaxe sería aínda moito maior se, como dixemos antes, non tivesemos en conta as novas referidas á Casa das Ciencias e ó Palacio de Congressos. Levando a cabo o experimento, obtivemos que a terceira parte das novas de este Distrito falábanos dun suceso.

Aínda que certo número destas informacións refírense a diversos tipos de accidentes aquí ocorridos, maioritariamente de tráfico, atropelos e incendios; a maior parte dos sucesos tratan sobre actos delictivos. Especialmente comúns son os roubos, principalmente a vivendas e persoas. O outro grupo maioritario de novas sobre delictos, e moi relacionadas coas anteriores, fálannos do tráfico de drogas e do alto número de drogodependentes deste barrio, o cal se relaciona co feito de que, como vimos, a Unidade de Asistencia de Drogodependentes radícase no mesmo. O resultado é que, como queda patente na prensa, un dos problemas máis preocupantes deste Distrito é o alto grao de delincuencia que ten lugar no mesmo e que crea unha forte imaxe de inseguridade cidadán. Ata tal punto o problema é grave que, como tamén vimos, os veciños tratan de organizar un sistema de vixilancia comunitaria que, en parte, logre facer deste barrio un sitio máis seguro.

Se consideramos no seu conxunto tódalas novas referidas ó Distrito nº4 van pesar moito máis as recollidas no primeiro bloque que tratamos -as que nos falan deste espacio como un importante centro de ocio-, que as que nos mostran a verdadeira realidade deste sector. O resultado é que 759 novas referidas ó mesmo teñen un carácter positivo, unha porcentaxe altísima do 81,17% do total; tan só 158 informacións posúen unha connotación negativa, 16,9% do total; e as 17 novas restantes, 1,81%, son de carácter neutro. Estes resultados demostran a nosa afirmación de que a imaxe deste espacio está positivamente deformada na prensa local ata o punto de non coincidir case en absoluto coa realidade do mesmo. O cal non quere dicir, como comprobamos, que esta realidade non apareza recollida nos xornais senón que a súa porcentaxe con respecto ás novas referidas a dous espacios concretos, cun carácter moi positivo, non se corresponde á relación obxectiva entre eses dous recintos e o resto do barrio.

Así a imaxe que nos dá a prensa do Distrito 4 é a dunha área especializada nas actividades de ocio e de celebración de congresos, cun urbanismo de elementos moi atractivos e que, secundariamente, tamén ten unha función residencial cunha serie de servicios que atenden á mesma e que xeran unha intensa vida social con diversas celebracións festivas e de recreación. Esta actividade residencial contén dentro de si un conxunto de problemas como o feito de estar dotada dunha serie de deseconomías na súa morfoloxía e estar afectada por un grave nivel de delincuencia e inseguridade cidadán. Non obstante, é a primeira visión, a de distrito especializado no ocio, a que predomina.

Convén concluír volvendo sinalar o feito de que a imaxe que deste espacio nos proporciona a prensa diaria local resulta un exemplo magnífico de como ésta pode deformar ata tal punto a realidade dun sector urbano que a visión que obtemos del non coincide en case ningún aspecto coa mesma . A realidade deste espacio móstranos unha área residencial habitada por unha clase social medía baixa que a pesares de ter un ritmo e unha persoalidade de barrio o suficientemente rica para que non o consideremos como unha simple área dormitorio, tamén conta cunha serie de problemas que teñen a súa base no forte e descontrolado desenvolvemento deste espacio nos anos 1960-70. O principal e máis grave destes problemas é o da inseguridade cidadán debido ó alto número de delitos cometidos no mesmo. Secundariamente, dentro destes espacios radícase unha importante área verde, o

Parque de Santa Margarita, e dentro dela dous importantes recintos para as actividades de ocio e tempo libre, a Casa das Ciencias e o Palacio de Congressos, pero que máis que complementar a vida social deste Distrito extenden os seus servicios ó resto da cidade e, especialmente, á clase media alta residente no veciño Distrito 3. En certa medida, este espacio vive alleo ó desenvolvemento das actividades destes dous recintos que, polo tanto, non son os principais elementos definatorios do mesmo (como aparecen de feito na prensa).

Por outra banda, e se obviamos as informacións referidas a tales espacios, a visión que a prensa nos da sobre esta área urbana é un bo debuxo da realidade da mesma. Non obstante, un lector que non coñeza este barrio e que elabore a súa imaxe mental do mesmo a través dunha fonte externa á súa propia experiencia como a prensa, obterá un estereotipo que se enfronta fortemente cos trazos que realmente se poden encontrar neste espacio.

Analizaremos agora cal é a imaxe que sobre este distrito podemos obter no xornal santiagués “El Correo Gallego“ vendo en que puntos coincide e en cales difire da xa estudada dos dous xornais locais. O trazo máis relevante, e coincidente co xa sinalado, e que o excesivo número de novas referidas a un aspecto concreto do mesmo danos unha visión demasiado particularizada. Ademais o número de noticias dedicadas ó Distrito nº4 non é excesivamente elevado o cal deforma aínda máis a imaxe que do mesmo obtemos a través deste xornal; o mesmo só publicou un total de 50 informacións sobre este espacio no ano 1994, o 5,23% de tódalas que se centraron na urbe coruñesa.

Pois ben, destas 50 informacións nada menos que 41, o 82% das mesmas, refírense exclusivamente as diversas actividades que se levan a cabo no Palacio de Congressos que, como sabemos, é unha importante instalación dedicada a diversos actos culturais e de ocio así como á celebración de congresos de diversos colectivos. Un edificio que atende a demanda dunha ampla parte da cidade máis que as necesidades específicas do Distrito 4. A importancia dos actos que se desenvolven no mesmo, así como o feito de que a mesma desborda claramente o ámbito de barrio residencial obreiro que caracteriza a este sector urbano, comprobámola na especial atención que lle dispensa este xornal non local (o cal, por outra banda, vai obviar moitas das informacións xurdidas neste espacio e que si aparecían publicadas nos dous xornais da cidade). Loxicamente tal volume de novas e, sobre todo, a súa porcentaxe en relación co total das referidas a este espacio, provoca que a

imaxe que se pode percibir a través deste xornal do distrito estudado sexa a de que é un importante centro de ocio e de servicios (polo tanto coincidente coa visión da prensa local coruñesa).

Trátase dunha visión moi optimista deste espacio polo propio carácter positivo das actividades levadas a cabo no Palacio de Congressos, que deforma (aínda máis do que xa vimos que facían os dous xornais locais) absolutamente a realidade deste sector urbano ó centrarse as informacións referidas ó mesmo nunha soa das funcións que se levan a cabo nel; que, se ben ten certa importancia para a vida da cidade, a penas ten especial relevancia na propia dinámica desta área, á cal este xornal só dedicou un total de 9 novas en todo o ano 1994 (se non fose porque nel se radica o Palacio este Distrito sería o que menos novas tería entre os diferentes espazos da cidade nas publicacións deste xornal).

Este número reducido de novas referidas á vida social deste espacio (sucesos e sociedade) e a outros servicios nel radicados (estación de ferrocarril de San Cristovo) resulta moi insuficiente para que o lector deste xornal poida percibir a verdadeira realidade dos Mallos. Sendo a distorsión moi positiva do barrio como espacio de ocio e servicios aínda máis preocupante por esta causa.

Loxicamente si valoramos o conxunto de informacións deste espacio o resultado vai ser moi positivo polas razóns xa ditas (o carácter preferentemente favorable da grande variedade de actos celebrados no Palacio de Congressos). Así un total de 42 novas, o 84% do total, teñen un carácter positivo mentres as 8 restantes, o 16%, teñeno negativo. Pero dentro da visión altamente optimista deste espacio debemos destacar dous aspectos. O primeiro é que a maioría das novas referidas á verdadeira vida social e económica desta área denotan unha realidade bastante máis pesimista (en todo caso imperceptible polo reducido número das mesmas). E o segundo é que, dentro do carácter xeral favorable, destaca entre as novas dedicadas ó Palacio a publicada por “El Correo Gallego” o 18 de decembro de 1994, na cal se puña de manifesto que a verdadeira rendibilidade deste inmobile é bastante reducida xa que os diferentes actos realizados no mesmo non logran compensar os altos custos derivados da súa construción e mantemento (esta información sinalao como unha instalación pouco utilizada).

A conclusión final é, polo tanto, a excesiva caracterización deste Distrito por parte do xornal santiagués e dos dous coruñeses como un centro cultural e de ocio que non se corresponde co verdadeiro espacio obxectivo do mesmo.

7.2. Distrito 6: Agra do Orzán.

Este espacio é o distrito municipal que aparece menos frecuentemente recollido nas novas que publican os xornais. Tanto polos indicadores de cifras totais coma polos das diversas densidades analizadas, o Distrito 6 ocupa sempre os últimos lugares e a suma de todos eles confirman a premisa sinalada no comezo do parágrafo. Así, esta área urbana sitúase no último lugar en nada menos que en cinco índices dos estudiaados: polo número total de novas, a superficie global e pola superficie por cada habitante das mesmas, polo número total de ilustracións e polo de novas na primeira páxina. Mentres, ocupa o penúltimo posto noutros dous indicadores, no número de novas por cada 100 habitantes e na cantidade de ilustracións por cada 100 noticias. O máis alto lugar acadado por este Distrito no resto dos índices é un sexto posto polo valor medio do emprazamento das súas informacións (ocupa o noveno polo tamaño medio das mesmas, o octavo polo número de ilustracións por cada 1.000 cm² de información e o sétimo polo de novas na 1ª páxina por cada 100 das mesmas). O resultado final vai ser que na imaxe global que da cidade percibimos a través da prensa este espacio non vai aportar nengún trazo orixinal e vai permanecer como unha área case descoñecida, salvo que teñamos unha experiencia propia da mesma. Na visión particular que obtemos deste Distrito os trazos van estar moi difusos debido ó escaso número de informacións e o seu escasamente coidado aspecto formal. Non poderemos construír un estereotipo moi personalizado do mesmo a través dos xornais locais xa que estamos diante dun espacio no cal a influencia da prensa é escasa na percepción do mesmo.

Non obstante, imos analizar as poucas informacións, 184 en concreto, deste sector urbano para ver que imaxe podemos extraer sobre o mesmo, aínda que a mesma pase desapercibida en gran parte para o lector dos dous diarios.

Convén lembrar, antes de comezar esta análise, que o Distrito 6 é, sen embargo, un barrio cunha relativa entidade e cunha persoalidade propia dentro da cidade. Como vimos

trátase dunha área residencial de clase media cun forte crecemento nas últimas décadas, o cal transformou totalmente este espazo, e que aínda perdura hoxe en día, xa que actualmente procura proxectarse como un centro alternativo na vida da urbe.

Entrando xa a estudar as diversas informacións deste Distrito, o máis destacable é que o maior número das mesmas non se refiren a nengunha actividade económica ou social específica senón que son novas de **sucesos**. Así esta clase de unidades redaccionais ocupan máis do 40% de tódalas informacións da área (o 40,76% exactamente), que se corresponden con 75 novas sobre este tipo de incidentes. Por esta causa a imaxe que o lector percibe deste Distrito a través da prensa non só é difusa senón que tamén é bastante negativa xa que 2 de cada 5 novas do mesmo vanlle informar ou ben dun accidente ou ben dun acto delictivo. A principal razón pola cal as novas de sucesos ocupan unha maior porcentaxe neste espazo non obedece a que haxa un maior número de accidentes e de delincuencia que noutras áreas, senón que o reducido número de novas dedicadas ó mesmo fan que as de sucesos, que soen atraer máis á prensa por ser do gusto do lector e chamar a súa atención, teñan un maior peso dentro do total das informacións ó posuír un número máis ou menos equivalente ó de outros espazos da cidade (e o resto das informacións non). Aínda así parece que esta área "atrae" todo tipo de accidentes dende os debidos ó tráfico e ós atropelos, ata numerosos incendios e outro tipo de incidentes como cortes de auga e de luz.

Tamén son comúns os actos delictivos como agresións, estragos, e, sobre todo, roubos. Estas novas poden dar unha imaxe preocupante, de forte inseguridade cidadán nesta área polo seu peso dentro das informacións da mesma. Non obstante, debemos ter en conta que as novas de roubos soen referirse a furtos levados a cabo en comercios ou en automóbiles máis que en persoas. En todo caso, esta forte sensación de "perigo" que se pode desprender a través da prensa non se axusta, nen moito menos, coa realidade xa que a delincuencia deste Distrito non é nen menor nen maior que a doutras moitas áreas da cidade. Outra vez estamos diante do feito de que as novas de sucesos gardan a mesma proporción que noutros Distritos mentres que o resto de informacións, normalmente máis positivas, non o fan o que explica esta distorsión pesimista da realidade.

Así, as novas referidas as **actividades de ocio e sociais** ocupan neste Distrito unha porcentaxe moito menor á habitual noutros espazos. De feito estes dous grupos de novas pódense analizar conxuntamente xa que só o 7% de tódalas informacións desta área,

correspondentes a 13 novas, pódense relacionar coa vida cotiá da mesma. Esta pequena porcentaxe non nos deixa ver o verdadeiro calibre da intensa vida social que se desenvolve neste sector residencial, que se ben non é o máis privilexiado da cidade tampouco é dos máis marxinados.

As novas sobre o ocio e o tempo libre desenvolvido neste Distrito redúcense ás festas do barrio e a escasas actividades culturais e lúdicas. Se ben este espacio non se caracteriza por ser un centro das actividades de ocio da cidade nen está dotado de grandes instalacións dedicadas a esta función, a actividade social é moito máis intensa do que se deduce a través da prensa. As escasas novas de sociedade fálannos das asembleas das asociacións de veciños e das súas queixas, unha delas é que se senten marxinados con respecto ó resto da cidade pola escasa atención que, segundo eles, lles dispensa o goberno municipal. Quizais poidamos enlazar esa marxinación municipal coa que tamén, como vemos, reciben pola parte da prensa e, ambas, co carácter en certo modo "autárquico" deste Distrito 6.

Un terceiro grupo de novas, que vai contribuír a darnos unha imaxe bastante negativa deste Distrito son as que se refiren ás diversas **obras**, principalmente de urbanización. Estas céntranse case exclusivamente (só unha de elas fálannos dunhas reformas levadas a cabo nun aparcamento subterráneo) na conflictiva urbanización da área coñecida como o Paseo das Pontes. En total son 29 as informacións deste tipo, as cales representan o 15,76% de tódalas referidas a este espacio. O Paseo das Pontes é unha área verde que permaneceu como solo urbanizable pero, de feito, sen urbanizar, durante moito tempo no interior da cidade. Recentemente, o Concello aprobou un Plan Especial de Reforma Interior para o Paseo das Pontes que en realidade era un ambicioso proxecto de urbanización desta área. Inmediatamente comezaron as obras para levar a cabo este plan, pero as numerosas irregularidades cometidas así como a posible ilegalidade do propio plan de urbanización provocaron que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia decidira a paralización das actuacións.

Este conflito, presentado dun modo tan breve, loxicamente xerou un volume de informacións relativamente importante na prensa, máis que polo seu número en si polo feito de que son novas dun gran tamaño e cun coidado emprazamento e aspecto formal (son este pequeno grupo de unidades redaccionais as que evitan que o Distrito 6 non ocupe o

derradeiro lugar nalgúns dos indicadores anteriormente sinalados). A actitude dos xornais locais é, por unha vez, contraria á administración local, o cal móstranos a grave entidade das irregularidades cometidas neste espacio (son tan relevantes que á prensa non lle queda máis remedio que sacalas á luz). Así, ademais das informacións máis ou menos obxectivas acerca das posturas e reclamacións dos diversos colectivos afectados pola decisión da paralización da obra: os promotores inmobiliarios e o Concello, lóxicamente, defenden a súa continuación, mentres que diversos colectivos da cidade como as asociacións dos veciños afectados, os grupos políticos da oposición e os propietarios están de acordo coa paralización das obras; a actitude que a prensa toma por ela mesma é a dunha forte crítica cara á urbanización do Paseo e as reportaxes, nalgúns casos con páxinas completas, sobre as obras denuncian claramente a situación das mesmas. É por esta razón que no Distrito 6 estas novas dan unha imaxe negativa de irregularidade e denuncia máis que positiva de progreso e mellora como soe ser máis común.

Por outro lado, o propio **urbanismo** deste barrio merece unha certa atención por parte dos dous xornais locais, aínda que só 35 novas, o 19% do total tratan estes asuntos. É unha mágoa que sexa un número tan reducido de informacións, que ademais non soen ter nen o tamaño nen o emprazamento privilexiado das que se refiren ó Paseo das Pontes, porque o seu contido danos unha visión que se acerca moito máis á realidade deste Distrito sexto. Así, por exemplo, a persoa que só lese atentamente a reportaxe sobre os trazos da morfoloxía e da estrutura urbana do barrio Agra do Orzán publicado a dobre páxina en “La Voz de Galicia” o 1 de outubro de 1994 obtería unha imaxe moito máis próxima á idiosincrasia deste barrio que outra que lea habitualmente algún dos dous xornais locais.

As novas sobre o urbanismo deste espacio móstrannos o seu dinamismo a través das informacións que resaltan a conversión en peatonal da Rúa de Barcelona, unha das principais vías comerciais da cidade que aumenta o seu atractivo ó facerse unha rúa peatonal. O éxito de tal empresa fixo que se pense en estender ás veciñas rúas de Andrés Gaos e da República Dominicana. Outras novas fálanos dunha serie de aspectos positivos do urbanismo deste Distrito como o bo funcionamento dos seus aparcamentos subterráneos ou o axardinamento dalgúns dos seus lugares. Un último aspecto que nos mostra o dinamismo desta área é o tráfico, as novas referidas ó mesmo sinalan a intensidade circulatoria que provocan algúns puntos conflictivos en nódulos como a Avenida de

Fisterra ou a Rúa Andrés Gaos. Para solucionar este problema de circulación adóptanse unha serie de medidas, algunhas das cales contaron cunha subvención por parte da Xunta de Galicia, como os cambios de sentido ou os proxectos dun novo vial e, mesmo, dun paso subterráneo (na Ronda de Outeiro como xa indicamos).

Polo tanto, e fronte ó anterior grupo de informacións negativas, este pequeno continxente de novas móstrannos este Distrito 6 como un espacio cun urbanismo propio dunha área activa e en progreso.

Quédanos por analizar un derradeiro grupo de unidades redaccionais que, como as anteriores, contribuirían a darnos a visión real deste espacio senón fora polo seu reducido número. Son as informacións que se refiren ós **servicios** que se desenvolven nesta área urbana. En total contabilízanse, só, 28 novas que se corresponden cunha porcentaxe relativamente importante do 15,21% (o cal non é unha contradicción debido ó pequeno número total de informacións sobre este Distrito). Dentro destas novas destacan as que se refiren á actividade económica principal do Distrito 6 que é a comercial. O comercio desta área, partindo do simple abastecemento dos residentes, evolucionou cara a certa especialización e un aumento da súa calidade ata o punto de converterse nun importante centro secundario da cidade e nunha das áreas nas cales o comercio de pequeno e mediano tamaño sobrevive con maior capacidade de competencia. Estes establecementos están asociados no que se coñece como Agra Comercial, e as actividades de promoción e defensa dos seus intereses que esta asociación realiza ó longo do ano protagonizan as informacións desta función terciaria.

Nun nivel inferior, este grupo de novas fálanos doutra serie de servicios cunha finalidade primordial: a de atender as necesidades básicas dos residentes deste barrio. Actividades terciarias, polo tanto, propias de calquera barrio residencial cunhas dotacións máis ou menos axustadas e que, neste caso, favorecen o carácter "autárquico" que vimos que tiña o Distrito. Estas novas refírense, principalmente, á educación, con informacións sobre os colexios e institutos (incluído o futuro do Paseo das Pontes) aquí radicados, e a servicios de atención ó cidadán.

A pesares do carácter máis positivo das novas sobre o urbanismo e os servicios desta área que acabamos de analizar, se vemos tódalas que se refiren a este espacio no seu

conxunto topámonos con que a maioría delas teñen un sentido negativo. Así, 65 informacións sobre este espacio teñen un carácter positivo, o cal supón unha terceira parte das mesmas (o 35,32%); mentres que máis da metade das novas teñen un carácter negativo, 101 en total, que supoñen o 54,89% . Por último, 18 unidades redaccionais posúen un sentido neutro, o 9,78% restante. Unha visión predominantemente pesimista, polo tanto, a que nos ofrece a prensa deste espacio. Sen embargo o escaso grao de atención que lle dispensa provoca que a relevancia deste medio de comunicación non sexa moi importante na elaboración do estereotipo que os individuos teñen do mesmo. Desta maneira os posibles efectos negativos que as informacións puideran ter no comportamento dos cidadáns non se levan a cabo. Alguén que só teña unha experiencia deste espacio a través da prensa posuirá máis un descoñecemento que unha visión negativa do mesmo.

Como vimos, o escaso número de novas deforma a visión dalgúns aspectos que, comúns ó resto das áreas da cidade, aquí poden aparecer sobredimensionados como o número de accidentes e de actos delictivos que chegan a crear a imaxe dun barrio conflictivo cando o problema da inseguridade cidadán non é maior que noutros sectores. Por outra parte, o feito de que se leve a cabo neste espacio unha obra de urbanización, a do Paseo das Pontes, conflictiva e cun alto número de irregularidades contribúe tamén a que as novas referidas á mesma nos dean unha mala imaxe deste Distrito.

Non obstante, tamén como sinalamos, un pequeno número de novas móstranos a verdadeira situación deste barrio. Danos unha imaxe máis positiva do mesmo como área residencial de clase media dotada de boas infraestructuras e cunha intensa vida económica caracterizada pola actividade comercial. Aínda que a conclusión final que podemos realmente obter é que a imaxe deste Distrito, como estereotipo claramente definido, é imposible de extraer nos dous xornais locais polo escaso número de informacións e as contradicións que as mesmas levan.

Esta premisa agrávase cando analizamos cal era a visión que do Distrito 6 nos daba o xornal “El Correo Gallego” , xa que nos atopamos diante do sector urbano ó cal se dedica un menor número de informacións. Así, tan só 16 novas, o 1,67% de tódalas da cidade coruñesa, vanse referir a este espacio, co cal dificilmente o lector deste diario poderá percibir máis que un lixeiro achegamento á realidade do mesmo.

Estas 16 novas pódense dividir en dous grupos que, curiosamente, teñen un total de 8 informacións cada un: as que nos falan dos sucesos ocorridos neste espacio e as das obras de urbanización que se levan a cabo no mesmo. As novas de sucesos van centrarse en accidentes de tráfico e a diversos actos delictivos, roubos principalmente. O feito de que a metade das novas deste Distrito se refiran a este tipo de incidentes indícanos o carácter excesivamente local doutros tipo de feitos que teñen lugar no mesmo, o que provoca que non sexan especialmente relevantes para este xornal santiagués; mentres que os sucesos polo seu interese para o público si que merecen certa atención por parte do mesmo. O resultado vai ser bastante negativo con respecto á imaxe que desta área podemos percibir neste xornal, xa que a metade das poucas veces que se refire á mesma faino para falarnos de asuntos desagradables como son os sucesos.

A outra metade das veces este xornal vainos falar das obras de urbanización que se realizan neste Distrito. Máis concretamente, estas novas trataran da conflictiva situación que, como vimos, vivía a urbanización do Paseo das Pontes. Este importante proxecto, paralizado por unha sentenza do TSXG debido ás irregularidades cometidas no mesmo, é fortemente denunciado neste diario. A postura do mesmo é de clara defensa daqueles colectivos contrarios á urbanización deste espacio e, polo tanto, de enfrontamento co goberno municipal coruñés que elaborou o PERI desta área. Por esta razón, as informacións tampouco nos sinalan aspectos demasiado favorables.

Coa unión de tódalas novas deste Distrito o panorama non pode ser máis pesimista xa que das 16 un total de 14 (87,5%) teñen un carácter claramente negativo, mentres que as dúas restantes non podemos consideralas como positivas senón, simplemente, cun carácter neutro. Polo cal, ademais de poucas, as informacións deste espacio non nos proporcionan unha visión moi amable do mesmo.

Sen embargo, a conclusión final é que, si xa nos dous xornais locais non era posible elaborar unha lectura completa de conxunto deste sector urbano, para o lector de “El Correo Gallego” (e que non teña unha experiencia propia sobre esta área) este espacio permanecerá completamente descoñecido; e as informacións referentes ó mesmo só aportarán á imaxe que obteña do conxunto de toda a cidade o feito de que unha nova obra de urbanización, a do Paseo das Pontes, levase a cabo cunha serie de defectos e irregularidades.

7.3. Distrito 7: Gaiteira, Os Castros, Castrillón, 2ª Fase de Elviña, Monelos e o Barrio das Flores.

O distrito sétimo non é un dos que centran gran número das informacións publicadas por “La Voz de Galicia” e “El Ideal Gallego” e dentro de tódolos Distritos municipais ocupa o octavo lugar segundo o grao de atención dispensado por ambos xornais. Tódolos seus índices sitúanse entre os postos sétimo e noveno, salvo os referidos ó valor medio do emprazamento das súas novas, onde ocupa o quinto lugar, e ó número de novas en 1ª páxina, onde ocupa o sexto lugar polo seu número total e, a que é a súa mellor clasificación entre tódolos indicadores, o cuarto lugar pola cantidade deste tipo de informacións por cada 100 novas. No resto dos índices estudados este espacio ocupa o sétimo lugar polo número de ilustracións por cada 1.000 cm² de información, e o octavo posto polo total de novas, pola súa superficie global e polo tamaño medio das mesmas, así como polo número total de ilustracións que conteñen e a cantidade das mesmas por cada 100 novas. Por último, as peores clasificacións son un noveno posto polo número de novas por cada 100 habitantes e pola superficie das mesmas por cada cm² de información publicada. Segundo estes índices, o Distrito 7 non vai ser dos que máis destaquen dentro da prensa local, aínda que a influencia da mesma sobre a imaxe deste espacio resulta relativamente importante xa que o número de informacións publicadas é significativo. E, tal como comprobaremos, estas informacións vannos debuxar un retrato ben definido desta área urbana.

O Distrito 7, como vimos, está formado por unha serie de barrios cun trazo común: son áreas residenciais dun nivel entre medio e baixo segundo os casos. Esta funcionalidade residencial aparece claramente reflectida nas informacións da prensa sobre o mesmo.

Agrupamos as diferentes novas en varios grupos tendo en conta cales son os temas que tratan para, posteriormente, analizar de que nos informan e como o fan. Son as novas de **servicios** as que ocupan unha maior porcentaxe dentro do global das informacións da área. En total son 164 as unidades redaccionais referidas a este tema, as cales supoñen o 24,44% do conxunto. Tal cantidade de informacións non nos van sinalar a este Distrito

como unha área claramente especializada na actividade terciaria senón que a maioría das mesmas refírense a diversos servicios cunha primordial función: a atención das necesidades veciñais dos diferentes barrios residenciais que constitúen este sector urbano. Unha minoría das mesmas van tratar sobre un pequeno número de actividades, algunhas de grande importancia como as que se desenvolven no Edificio de Servicios Administrativos, que desbordan o ámbito local ou comunitario.

No primeiro grupo de novas, as que se refiren a diversos servicios cunha funcionalidade centrada na atención á comunidade, puidemos ver informacións que nos falan de actividades tales como a educación, referíndose ós diversos colexios e institutos radicados neste sector (ó igual que ocorría no Distrito 4, maioritariamente cun carácter público) e a outra serie de centros cunha maior área de influencia como unha Escola-Taller do Instituto Nacional de Emprego (INEM) ou un Centro Especial de Formación Integral; diversos servicios de cultura e de atención ó cidadán como o Centro Cívico do Castrillón, o Servicio de Información Xuvenil, bibliotecas como a de Castrillón ou a recién inaugurada de Elviña (logo dunha grande polémica xa que estivo moito tempo rematada materialmente pero agardando poder ser inaugurada, e cando finalmente se fixo o funcionamento da mesma non respondía ás expectativas creadas tras unha longa espera), etc; a actividade comercial, con informacións sobre comercios locais destinados ó abastecemento de productos de primeira necesidade (aínda que tamén se radican neste Distrito algúns comercios especializados que non poden competir polo solo noutras áreas urbanas máis prestixiosas); e outra serie de servicios como a organización da Policía dunha vixilancia especial neste espacio (unha Policía de Barrio) ou como o relixioso a través das parroquias.

Aínda que este conxunto de novas pode dar unha imaxe de área cunha boa dotación de servicios, outra serie de informacións deixan translucir unha realidade menos optimista. As referidas á apertura e mal funcionamento da Biblioteca de Elviña aportábons unha primeira mostra da deficiencia dalgúns dos servicios deste Distrito, pero serán, sobre todo, as informacións que se centran na necesidade de apertura dun Centro de Saúde veciñal as que remarquen esta visión máis negativa. A nivel sanitario existe un déficit de instalacións tendo en conta o seu número de habitantes, tal déficit é recollido na prensa a través das frecuentes novas nas cales se sinala como diversos grupos, principalmente as asociacións de veciños e o grupo opositor Bloque Nacionalista Galego, reclaman a necesidade da

construcción dun Centro de Saúde no barrio do Castrillón (o cal tamén carece de mercado e doutros servicios) sen obter máis que a promesa da realización do mesmo nun futuro próximo por parte do Concello e do Servicio Galego de Saúde (SERGAS). É un caso concreto que deixa translucir a existencia dunha serie de necesidades, aínda non atendidas, nestes barrios residenciais .

Tal como sinalamos, outra serie de novas falan dalgunhas actividades terciarias que desbordan o ámbito comunitario. Especialmente relevantes son as que teñen a súa orixe nun dos edificios administrativos máis importantes da cidade e que, como excepción, non se radica nos distritos centrais senón neste que estamos a analizar agora. Trátase do Edificio de Servicios Administrativos, máis coñecido popularmente como "Os Novos Ministerios", no cal se emprazan numerosas oficinas pertencentes a diversas administracións públicas, aínda que principalmente as delegacións provinciais das Consellerías da Xunta de Galicia. Un espacio terciario que contrasta cos edificios de vivendas que o rodean por todas partes. Por outro lado, un grupo de asociacións localizadas neste espacio realizan unha serie de servicios que trascenden, tamén, o ámbito local. É o caso da atención que ás mulleres e ós minusválidos da cidade lles ofrecen o Centro de Defensa dos Dereitos da Muller e o Grupo de Minusválidos respectivamente; as actividades deste último estiveron moi condicionadas no ano de estudio polos conflitos na directiva do mesmo que acabaron nos tribunais (unha realidade negativa dun servicio en principio beneficioso). A pesares de que a nivel sanitario a situación deste espacio non sexa a máis adecuada, tal como vimos, paradóxicamente instálanse neste Distrito institucións de certa importancia dentro da cidade como o Colexio de Médicos, no que ademais de diversas conferencias e reunións realízase un labor administrativo e organizativo destes profesionais. Finalmente, como un servicio intermedio entre o ámbito local e o xeral, está o Cemiterio de Oza.

A imaxe final que todas estas novas nos dan é que este Distrito ten un certo número de actividades terciarias a nivel local e de toda a cidade, algunhas delas importantes, pero que tamén existen unha serie de deficiencias e necesidades sen cubrir. É, polo tanto, unha visión intermedia que se axusta ás características reais da actividade terciaria destes barrios.

Xunto a certo número de novas referidas ós servicios deste Distrito, que como vimos de ver mostrábons o carácter residencial do mesmo, este trazo definitorio aparece especialmente resaltado nas informacións de **sociedade**. Este grupo de novas equivalen ó

9,09% de tódalas desta área urbana, unha porcentaxe que se corresponde a un global de 61 unidades redaccionais. Estas informacións fálannos, principalmente, das actividades emprendidas polas diversas asociacións de veciños do Distrito, tamén se refiren a outras de tipo cultural como a Sociedade da Gaitera ou sociais como a Agrupación de Ex-Alcohólicos (neste caso cun ámbito de influencia que se estende a toda a cidade); ademais doutro grupo de novas que tratan de diversos actos de beneficencia e solidariedade levados a cabo neste espacio.

Ademais de deixarnos ver o carácter residencial e de intensa vida social do Distrito, estas novas vannos mostrar unha serie de problemas que afectan a este sector urbano, xa que a maior parte das mesmas fálannos das diversas denuncias que as asociacións de veciños realizan. Estas agrupacións mostran un alto grao de cohesión por parte dos residentes dalgúns dos barrios que forman este Distrito, especialmente dos que teñen unha maior antigüidade como a Gaitera, Os Castros (cunha agrupación formada en 1977 para a reivindicación dun colexio no barrio e cunhas demandas na actualidade centradas na falta de espacios de recreo e deporte e nas xa referidas carencias sanitarias) e o Castrillón, xa que son as asociacións destes lugares as que saen con maior frecuencia na prensa; e tamén noutros máis recentes como a do Barrio das Flores, unha asociación de veciños constituída en 1967 e que foi a primeira en legalizar a súa situación en Galicia en 1973 adoptando dende aquelas datas unha preocupación pola mellora das infraestructuras do barrio (a falta de luz, a pavimentación de algunhas zonas da mesma), e pola solución dos problemas sociais e o da vivenda. Estas asembleas de veciños van reclamar en asuntos como a necesidade dun centro de saúde (como vimos), ou dunha mellora dos transportes públicos. E aparecen, a través das informacións periodísticas, especialmente sensibilizadas ante un problema preocupante na cidade e, en particular, neste Distrito: a droga. Estas asociacións emprenden campañas de denuncia e loita contra a droga.

Un último asunto que tratan estas novas sociais é un novo problema presente nestes barrios: o racismo. Algúns lugares deste sector urbano convertíronse en áreas de radicación de familias xitanas, que anteriormente vivían en chabolas (das cales quedan aínda algúns exemplos na actualidade en barrios tan socialmente heteroxéneos como o Castrillón no cal se está procurando na actualidade unha mellor convivencia e unha integración para o cal se organizan actividades de formación, ademais dunha mellora material das condicións

hixiánicas das chabolas) e en vivendas sociais; o cal provocou un enfrontamento entre estas familias xitanas e o resto de residentes destes barrios, con manifestacións e conflitos que podemos denominar (a mesma prensa o fai) como racistas.

Concluindo, vemos como as novas de sociedade móstrannos unha realidade conflictiva e problemática nos diversos barrios residenciais deste Distrito, con aspectos preocupantes como poden ser a falta de servicios e infraestructuras, a droga ou o racismo.

Enlazando con estas novas que nos reflexan a problemática destes barrios residenciais imos referirnos agora ás de **sucesos** acaecidos neste espacio. Ó igual que ocorría no Distrito 6, aínda que sen chegar ós seus niveis, son bastante numerosas. Case acadan a porcentaxe das referidas a servicios que, como vimos, son as que maior volume teñen dentro das diversas informacións desta área urbana; así, os sucesos ocupan 145 novas que supoñen o 21,6% de tódalas referidas a este espacio. Os accidentes de diverso tipo ocupan unha boa parte destas informacións, tanto, principalmente, os de tráfico e atropelos como outros incidentes como apagóns de luz, unha explosión de gas, numerosos incendios, destrucción dunha casa debida a un temporal, ou como accidente podemos considerar, mesmo, o feito de que unha marea roxa tivo lugar nas costas deste Distrito. Este tipo de informacións volven resaltar, dun modo indirecto, o carácter residencial deste espacio xa que novas tales como o incendio dunha vivenda, a explosión dunha bombona de gas noutra ou a destrucción pola acción dunha tormenta dunha terceira fálannos dun tipo de contratempas que podemos considerar como "normais" nunha área dedicada á vivenda.

O resto das novas de sucesos infórmanos dos diversos delitos cometidos nesta área tales como agresións, estragos, detencións diversas, pelexas, numerosos roubos e, incluso, suicidios e homicidios cometidos na mesma. Un conxunto de referencias que resaltan como a delincuencia e a inseguridade cidadán son un grave problema que afecta, sobre todo, a algúns lugares moi marxinais. Un certo número destas novas relaciónanse directamente coa complicada situación de venda e consumo de drogas que, como xa sinalamos, preocupa especialmente ás asociacións de veciños deste sector urbano. A venda de diversos estupefacientes é moi común en barrios como Monelos ou Elviña, nos cales hai verdadeiros refuxios para o consumo de drogas. O problema da droga provoca, a súa vez, o da delincuencia e o da marxinación de determinados colectivos asociados ó tráfico deste tipo

de substancias (xitanos), e, tanto na realidade coma na prensa, danos unha imaxe bastante negativa deste espazo.

Máis optimistas son as informacións referentes ás actividades de **ocio e festa** que se desenvolven neste Distrito, e que proxectan unha imaxe máis doce da vida social do mesmo. O seu número é relativamente elevado xa que son 100 as novas que tratan destes asuntos, un 14,9% de todas elas polo tanto. Unha boa parte das mesmas refírense ás diversas festas que se celebran nos barrios, especialmente as da Gaiteira e as dos Castros (onde se realizan actividades para a xuventude e os vellos e recupéranse as festas tradicionais). O resto tratan de diferentes actividades de ocio como concertos, concursos, conferencias (especialmente as realizadas na Sociedade da Gaiteira), danza, deporte, exposicións, xogos, teatro, organización de viaxes... Trátase, normalmente, de diversos actos comunitarios cunha relevancia que non vai máis alá do propio disfrute veciñal. Así, o aspecto que este grupo de novas poñen de relevo é o da realización dunha serie de actividades de recreación e tempo libre que sirvan de disfrute para os residentes deste Distrito, unha imaxe positiva da vida social do mesmo máis que unha verdadeira especialización como área de ocio.

Outra serie de informacións van tratar sobre diversos aspectos, tanto positivos como negativos, do **urbanismo** do Distrito 7. En total son 108 as novas desta temática, as cales equivalen ó 16,09% de todas elas. Unha pequena parte das mesmas vanse referir ó tráfico, caracterizándoo como bastante conflictivo; especialmente nunha serie de nódulos como o cruce que hai na Urbanización de Casabranca ou de accesos como o da recén reformada Praia de Oza. En xeral estas novas, a pesar do seu pequeno número, engaden ós problemas que xa vimos que afectaban a este Distrito o do tráfico.

As informacións que se refiren ó urbanismo propiamente dito tamén destacan unha serie de deseconomías que afectan ó Distrito. É o caso do alto grao de deterioro dalgunhas vivendas dos barrios de Monelos, do das Flores (cunha necesidade urxente de arranxos nos tellados e fachadas e con situacións tan graves que fan que chova no interior dalgunhas casas) e de Elviña ou dalgunhas rúas desta área; da pervivencia, como sinalamos anteriormente, de pequenos espazos marxinais de chabolismo (que, por outro lado, téntanse erradicar totalmente), ou das carencias dalgunhas infraestructuras como a iluminación pública ou a falta de sinais informativas. Pero, dentro deste grupo de novas

cunha carga negativa, as máis numerosas, e cun emprazamento e un aspecto formal máis coidado que as anteriores, son as informacións que tratan sobre o conflictivo asunto das "Torres dos Mariñeiros". As mesmas son un grupo de edificios radicados no barrio de Monelos (moi cerca, curiosamente, do Edificio de Servicios Administrativos) pertencentes á Mariña Mercante, a cal as construíu coa finalidade de crear un grupo de vivendas sociais para os mariñeiros; pero unha serie de impagos e de débedas acumuladas provocou que estas Torres, que por outro lado presentan un alto grao de deterioro debido a súa mala construción, foran embargadas e as súas vivendas, en moitos casos, poxadas, provocando que as familias que nelas residían fosen botadas á rúa. Tal embargo provocou as lóxicas protestas das familias residentes que por tal proceso quédanse sen domicilio no cal vivir. O polémico proceso de reivindicacións, protestas, sentencias dos tribunais e demandas ás mesmas orixinou unha ampla cantidade de "literatura" nos dous xornais locais sinalando tódalas irregularidades cometidas e o actual estado de deterioro que sofren tales edificios. O resultado foi a creación dunha imaxe moi negativa deste espacio como área residencial, cun novo conflito que se une ós graves problemas que xa de por si o afectan.

Por outra banda, en ambos xornais locais publicáronse un pequeno número de reportaxes sobre os diversos barrios que forman este Distrito, nos cales se estudia bastante pormenorizadamente cal é a situación actual da súa morfoloxía e estrutura urbana. Estas reportaxes destacan a conflictividade destes espazos, e os publicados analizan os barrios e lugares de A Gaiteira, Os Castros, Barrio das Flores, Elviña ou a Urbanización Soto. Este pequeno grupo de novas constitúen unha boa análise xeográfica deste Distrito pero o seu reducido número fai que non acaden toda a importancia que deberían ter na elaboración do estereotipo concreto deste sector urbano a través da prensa.

Por último, quédanos por analizar unha serie de informacións que tratan aspectos máis positivos do urbanismo do Distrito 7. Unha parte de elas refírense a futuros proxectos de reforma interior tales como o acceso entre os barrios de Elviña e O Birloque, a urbanización daqueles reductos de Elviña que aínda permanecen intactos, a construción dunha pasarela en Casabranca e outra en Lavedra que se engaden ás xa existentes da Avenida de San Cristovo, etc. A algúns destes proxectos, tal como sinala a prensa, dedicará o concello coruñés unha parte das subvencións que recibirá da Unión Europea para o "Plan Urbán". Son tamén moi positivas as novas que nos falan do axardinamento dalgúns lugares,

do bo funcionamento dos aparcamentos subterráneos do Barrio das Flores (aínda que a súa asociación de veciños demanda novas prazas ante o futuro crecemento da área cás obras próximas no Polígono de Matogrande) e de Elviña, da retirada de valados publicitarios...

Estreitamente relacionadas coas informacións de urbanismo tópanse as diversas novas que nos falan das **obras de infraestrutura e de urbanización** que se están a realizar. Algunhas delas refírense a espazos xa analizados anteriormente como o aparcamento subterráneo de Elviña ou a Biblioteca do Castrillón. Espacios que foron inaugurados ó longo do ano, polo que antes de que isto ocorrese as novas sobre a súa construción aparecían publicadas na prensa. Outra serie de novas fálannos de diversas reformas realizadas no Barrio das Flores, na Avenida Afonso Molina, en Monelos e, especialmente, no Castrillón, un barrio que se está a “rexuvenecer” dende o punto de vista urbanístico coa demolición de vellas casas e a construción de grandes bloques de edificios (non obstante aínda quedan rúas tortuosas, onde o tráfico rodado é dificultoso, e pequenas casas rodeadas de horta).

Sen embargo a obra realizada neste sector urbano que xerou un maior número de informacións, e unha maior importancia das mesmas, foi a polémica urbanización do Polígono de Matogrande, un espacio de solo urbanizable emprazado na proximidade do Barrio das Flores no contacto entre os Distritos 7 e 9. Ó igual que ocorría coa urbanización do Paseo das Pontes do Distrito 6, na do Polígono de Matogrande tamén se cometeron unha serie de irregularidades que, se ben non levaron á paralización total das obras como no caso anterior, produciron denuncias nos tribunais e en situacións concretas a parada da construción dalgúns edificios. A polémica desta urbanización é aínda máis relevante por estar implicado directamente o concello e, concretamente, o alcalde, ó cal algúns partidos políticos da oposición acusan de favorecer a certas empresas de construción privadas á hora de poxar e adxudicar terreos deste polígono para a súa posterior edificación. Os dous xornais locais dedican unha información privilexiada ó conflito, pero a actitude coa cal o fan é moi diferente ó caso do Paseo das Pontes. Aquí tamén denuncian as irregularidades cometidas, imposible non facelo pola gravidade dalgunhas, e publican as novas referentes ás críticas de diversos colectivos sobre a urbanización; pero fannos, xeneralmente, con novas de pequeno tamaño, emprazadas en páxinas pares e sen ilustracións. Pola contra, as informacións que nos acercan a postura de defensa e de xustificación do feito por parte do

concello e do propio alcalde (quen afirma que son totalmente falsas tódalas acusacións dirixidas contra a súa persoa) soen ocupar un tamaño moito maior, sitúanse en páxinas impares e teñen un aspecto formal máis coidado. Pero, por se soamente esta diferenza de trato non fose suficiente para convencer á opinión pública, ambos xornais publicaron, en medio da polémica, artigos que remarcan as virtudes do Polígono de Matogrande como unha futura área residencial vantaxosa que contribuirá ó desenvolvemento da cidade e a solucionar o problema da vivenda da mesma (son novas que recordan a cantidade de pisos que se están construír e o feito de que se está crear un barrio totalmente novo que favorecerá o crecemento da urbe coruñesa). A prensa adopta unha postura moi próxima á administración municipal e, polo tanto, positiva a imaxe dun lugar en concreto e das accións acometidas no mesmo; volve deformar a realidade ou, polo menos, a agachala.

Todas estas informacións sobre as obras de infraestrutura e de urbanización deste espacio (75 en total) representan o 11,17% das correspondentes ó Distrito, aínda que a súa importancia é maior do que indica esta porcentaxe polo tamaño medio, o emprazamento e o aspecto formal das mesmas. A pesares de que algunhas delas denuncian carencias e irregularidades cometidas nesta área, a imaxe xeral que obtemos é que nela se están realizar importantes empresas que contribuirán a melloralas.

Antes de resumir todas estas informacións para ver cal é a imaxe que deste Distrito 7 nos dá a prensa debemos sinalar que, dentro das mesmas, un pequeno grupo de novas (non chegan á deca) tratan sobre unha actividade que non se corresponde con nengún dos grupos que ata agora vimos. Son as referentes á **actividade portuaria**, xa que neste espacio radícase a zona de descarga de petroleiros e de grandes barcos de transporte. Unha actividade económica moi importante na vida da cidade (a pesares de que, como outras áreas do porto, sofre a forte recesión económica existente na actualidade), pero que non xera un gran número de novas (polo menos non especializadas que poidan aparecer na sección dos xornais dedicada á Coruña), e tampouco se relaciona moito coa vida deste Distrito salvo polo feito de que os edificios máis próximos ó porto vense afectados polas descargas, sobre todo de carbón, que provocan unha contaminación e un deterioro nos mesmos (unha relación non moi positiva polo tanto).

Valorando o carácter que levan tódalas novas referidas ó Distrito 7 comprobamos que éstas son predominantemente positivas, pero que a diferenza entre as informacións cunha boa valoración e as que a teñen negativa non é moi grande. Así, 369 novas, o 55% do total (un pouco máis da metade, polo tanto), teñen un carácter positivo; mentres que 262 informacións, o 39,04%, teñeno negativo. Por suposto, o 5,96% restante correspóndese con 40 novas cun carácter neutral. Esta mesma valoración neutral, dende o punto de vista de que nen é claramente optimista nen moi pesimista, podemos concederlle ó global da visión que a prensa nos dá deste sector urbano.

Unha imaxe que o caracteriza como un espazo constituído por numerosos barrios residenciais con trazos que varían segundo os casos. Polo xeral son barrios dotados dunha serie de servizos, algúns dunha importancia que fai que rebasen o ámbito comunitario, e de infraestruturas que podemos considerar correctas pero que non chegan cubrir tódalas necesidades destas áreas. Barrios residenciais nos cales, nalgúns casos, se realiza unha intensa vida social con numerosas actividades de ocio e festivas, pero que, noutros, estamos ante simples barrios dormitorio. En ambos exemplos existe un alto grao de unión veciñal á hora de se mobilizar contra diversos problemas que afectan a este Distrito, entre eles aparecen reflectidos na prensa, como os principais, conflitos como o racismo, a delincuencia e a inseguridade cidadán (relacionados os tres co tráfico de drogas que se desenvolve habitualmente nesta área). Por outro lado, e como vimos de sinalar, a prensa danos unha imaxe relativamente positiva do urbanismo deste espazo, sobre todo polo feito da realización, en diferentes fases de construción, de diversas obras de urbanización que contribuirán a dinamizar esta área e a facela máis propicia para a que parece será sempre a súa principal funcionalidade, a residencial.

Este conxunto de informacións mostra con bastante fidelidade cal é a realidade destes espazos, aínda que a prensa deforme a perspectiva real dalgúns dos procesos que se están desenvolver no seu interior como a urbanización do Polígono de Matogrande. De feito, a imaxe que a prensa nos ofrece deste Distrito, e a pesares de presentarnos os problemas principais que o afectan, é máis positiva que a obxectividade dunhas áreas residenciais cunha serie de deseconomías propias de tódolos barrios dormitorio de nivel social de medio a baixo. Aínda así podemos concluír este parágrafo como o empezamos: o

espacio obxectivo desta área coincide en grande medida co subxectivo que percibimos a través da prensa local.

O Distrito 7 tampouco xera un grande número de novas no xornal santiagués “El Correo Gallego”, pero os asuntos que as mesmas tratan dannos unha imaxe relativamente caracterizada do mesmo. Son un total de 55 as informacións que se refiren a esta área, as cales supoñen o 5,75% das publicadas por este xornal e que tratan asuntos relacionados coa Coruña.

A parte máis importante destas novas son as informacións relativas a sucesos; e de novo debido ó especial interese que a prensa presenta ante este tipo de novas. Un total de 14 unidades redaccionais fálannos desta clase especial de incidentes (o 25,45% das referidas a este espacio). Ademais das que se refiren a accidentes de tráfico e a delitos comúns, especialmente relevantes son as do problema de venda de drogas que afecta a algún dos barrios deste Distrito. Aínda que tales informacións non nos presentan estas áreas como focos de marxinación e delincuencia (non son un número tan alto como para facelo) si que nos fan percibir certo problema de inseguridade cidadán e de tráfico de drogas que afecta a este sector urbano. Dannos, polo tanto, unha visión pouco agradable do mesmo que non se ve compensada polas novas que de sociedade e ocio publican os dous xornais coruñeses xa que neste caso non son consideradas por este xornal non local o suficientemente relevantes como para ser publicadas.

Sen embargo, unha visión máis amable do Distrito aparece reflectida nas 12 novas, o 21,82% do total, referidas ós diversos servicios aquí radicados; tanto os que atenden as necesidades deste sector urbano residencial como, principalmente, os que estenden o seu ámbito de acción ó resto da cidade como o Colexio de Médicos ou o Edificio de Servicios Administrativos.

Por outro lado, un bloque relativamente importante de informacións (un total de 13 novas que supoñen o 23,63% do global) refírense a diversos aspectos do urbanismo deste espacio. Principalmente aluden, e non dun modo favorable, as "Torres dos Mariñeiros" (un caso ó cal xa se referían os dous xornais coruñeses como vimos). Este xornal incide especialmente no turbio proceso no que están inmersas as familias residentes nos mesmos,

as cales corren un grave perigo de desaloxo. Estas informacións proporcionánnos, pois, unha visión bastante pexorativa da realidade urbana do Distrito.

Pero esta imaxe pouco favorable tornase en claramente pesimista cando analizamos as novas referidas ás obras de urbanización levadas a cabo neste espacio. Un total de 12 informacións, o 21,81% do total das desta área urbana, que van tratar exclusivamente o caso da urbanización do Polígono de Matogrande. Como xa vimos un ambicioso plan levado a cabo polo actual goberno municipal coruñés é a urbanización deste polígono, mediante a construción de numerosos edificios de vivendas, que foi denunciada por diversos colectivos que chegaron incluso a acusar ó propio alcalde da cidade pola concesión irregular das parcelas. Tamén comprobamos que a prensa local coruñesa adoptaba unha clara postura de defensa da administración do concello e do seu máximo dirixente. Pois ben, a posición que adopta “El Correo Gallego” é xustamente a contraria xa que, a través das informacións publicadas e relacionadas con este asunto, vemos que este xornal ataca e critica duramente tanto ó goberno municipal como, especialmente, ó alcalde que o encabeza. Neste problema da urbanización de Matogrande constatamos o claro carácter contrario ós poderes locais coruñeses que adopta o xornal santiagués.

O resultado global de tódalas novas do Distrito 7 resulta, polo tanto, bastante negativo xa que nada menos que 39 informacións, o 70,9% do total, referidas a él van ter un carácter pouco favorable. Mentres, tan só 8 novas, o 14,54% do global, presentan trazos máis positivos deste espacio. O mesmo número de novas e porcentaxe (8 e 14,54%) son neutrais.

Por todo isto atopámonos diante dunha imaxe bastante negativa deste Distrito residencial baseada na denuncia dunha serie de irregularidades urbanísticas e constructivas acaecidas no mesmo así como na presentación dalgúns dos seus barrios como áreas conflictivas de delincuencia e inseguridade cidadán. En todo caso un estereotipo demasiado pesimista afastado da visión máis positiva que deste sector urbano nos presentaban os dous xornais coruñeses e , en ambos casos, distantes a súa vez da complexa realidade do mesmo que agocha dentro da súa función residencial aspectos moi positivos, como unha serie de servizos, e un conxunto de elementos conflictivos como os que son especialmente denunciados neste periódico non local.

8. CONCLUSIONES

A través da análise da estrutura urbana da cidade da Coruña centrado nos seus barrios residenciais descubrimos unha realidade diferente á concepción habitual de cidade. Estas áreas caracterízanse por estar ben delimitadas, ter unha identidade propia e ser en maior ou menor medida “autosuficientes”. Forman unha unidade urbanística homoxénea e moi marcada derivada da conxunción de factores comúns a todas elas. Xogan un papel esencial dentro da dinámica das urbes sendo o eixo de crecemento das mesmas.

No caso estudado este tipo de barrios correspóndese cos distritos municipais 4, 6 e 7 situados a partir do Ensanche coruñés. Centrámonos na investigación dos seus trazos máis característicos e da súa imaxe pública que mediante a prensa diaria obtemos deles. Vexamos brevemente as conclusións referidas a cada un destes sectores urbanos:

a) Distrito 4 (Os Mallos). A visión que nos dá a prensa deste barrio preséntanos unha área de servizos e equipamentos (particularizada nos de ocio pola radicación na mesma de diferentes edificios emblemáticos da cidade); sen embargo, enfrontámonos a unha realidade urbana caracterizada pola ausencia de infraestruturas (falta de zonas verdes, pequeno comercio que non posibilita a solvencia do barrio), a edificación masiva, a alta densidade demográfica de residentes de clase media e media-baixa a unha problemática social (sobre todo no sector da Sagrada Familia) centrada en cuestións como o paro, a drogadicción, a inseguridade cidadán...

b) Distrito 6 (Agra do Orzán). Estamos neste caso ante un barrio residencial practicamente independente, habitado por clase media e media-alta, cunha importante área comercial que cubre as necesidades básicas e que se complementa cunha serie de establecementos especializados e equipamentos que fan deste barrio un centro alternativo da cidade. Ésta é a imaxe que obtemos do distrito nos medios de comunicación pero o seu carácter autosuficiente (e incluso con certo illamento do resto da urbe) así como a relativa “tranquilidade” do seu devir diario fan que os xornais non centren moito a súa atención no mesmo, polo cal os cidadáns que non o coñezan directamente non poden sacar unha visión completa desta área.

c) Distrito 7. Formado por unha grande variedade de barrios moi contrastados tanto dende o punto de vista económico como o demográfico e social, aparece reflectido nas noticias diarias dos xornais dunha forma bastante fidedigna xa que as mesmas nos dan unha información que, salvo nalgúns casos concretos nos que se deforma positivamente a realidade, nos traduce a dinámica destes barrios residenciais. Demograficamente son áreas densas cunha poboación de clase media e media-baixa en barrios como o Castrillón ou o das Flores. Na súa morfloxía non podemos obter uns trazos comúns a todos eles xa que nos atopamos con áreas ben planificadas como o Polígono de Elviña e sectores totalmente irregulares como o Castrillón, e en termo medio sitúanse os outros barrios como o dos Castros. Igualmente en servicios e equipamentos a situación varía segundo os casos, e é neste punto onde a prensa modifica a situación real centrándose nos aspectos máis dinámicos como as obras de urbanización do Polígono de Matogrande ou a posta en marcha de proxectos de centros de servicios (sociais, de saúde) e comercio.

Son, pois, barrios moi persoalizados cunha serie de importantes problemas económicos e sociais, principalmente, que os afectan hoxe en día e que nos presentan unha realidade urbana afastada da imaxe de centro funcional e de negocios que soemos asociar ás urbes. Esta idiosincrasia non aparece reflectida totalmente na prensa diaria que non só proxecta unha visión bastante incompleta destas áreas senón que tamén deforma (no caso dos Mallos totalmente) os seus trazos, normalmente cunha imaxe máis positiva das mesmas.

9. BIBLIOGRAFÍA:

- AA.VV.: *Colección descubrir La Coruña nº7*, Concello da Coruña, A Coruña, 1988.
- ALCAIDE INCHAUSTI, J.: *Comportamiento económico de las comunidades autónomas españolas (1986-1991)*. Revista de Papeles de Economía Española nº51. Confederación de cajas de ahorros. Madrid 1992.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, J.: *Historia de la ciudad de La Coruña*. Serie Novoa. Biblioteca gallega. Centenario 1885-1995. La Voz de Galicia. A Coruña 1986.
- BERTRAND, J. M.: *La ciudad cotidiana*. Editorial Nuevo Urbanismo. Madrid 1981.
- BRIAN, J. L.: *Contemporary urban ecology*. Mcmillan publishing. Nueva York 1977.
- CAPEL SÁEZ, H.: *Capitalismo y morfología urbana en España*. Editorial Libros de la Frontera. Barcelona 1983.
- BORRAT, Héctor: *El periódico, actor político*, Editorial Gustavo Guili, Barcelona, 1989.
- CASASUS, Josep María: *Ideología y análisis de medios de comunicación*, Editorial Mitre.Barcelona,1985.
- CRESPO BERNI, A. y BOIRA MAIQUES, J.V.: *L'estudi d'un component de la formació de la imatge pública d'una ciutat: la premsa local diària. El cas de la ciutat de València*, Cuadernos de Geografía, nº46, Valencia, 1992, p.p. 169-196.
- FONTCUBERTA, Mar: *Estructura de la noticia periodística*, Editorial A.T.E., Barcelona, 1981.
- GONZÁLEZ CEBRIÁN-TELLO, J.: *La ciudad a través de su plano. La Coruña*. Excmo. Ayuntamiento de A Coruña, A Coruña 1984.
- PRECEDO LEDO, A: *La Coruña, metrópoli regional*. Serie Economía y Territorio 2. Fundación Caixa Galicia. A Coruña 1990.
- SOUTO GONZÁLEZ: *A xeografía de percepción como nova técnica de analise da realidade*, Revista Terra nº1, Sociedade Galega de Xeografía, Vigo, 1983, p.p. 64-76.
- ZÁRATE MARTÍN, A.: *El espacio interior de la ciudad*. Editorial Síntesis. Madrid, 1991.

- Xornais “La Voz de Galicia” (Edición A Coruña), “El Ideal Gallego” e “El Correo Gallego”, números do ano 1994.